

3. Persoalmente nas Oficinas de Recadación de Multas do Concello, sita na rúa Herreros, 13, Baixo de Pontevedra, que permanece aberta ao público de luns a xoves de 9 a 14 h. e de 16 a 18 h. e o vernos de 9 a 14 h.

#### MEDIOS DE IMPUGNACIÓN

“Contra o precedente acto de imposición de sanción (ingreso de Dereito Público), soamente poderá interpoñerse recurso de reposición perante o mesmo órgano que adoptou a resolución impugnada dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación. De non producirse resolución expresa do recurso de reposición interposto, no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ao da súa presentación, entenderase desestimado segundo o establecido no art. 14 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime procedente consonte a dereito.

#### D) OBRIGACIÓN DE REPOÑER (Art. 72 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia)

“Sen perxuízo da sanción penal ou administrativa que se impuxera, quenes infrinxan a presente lei terán a obriga de repoñer ou restaurar as cousas ao ser e estado anteriores á infracción cometida, na forma e condicións establecidas polo órgano que impuxo a sanción. A tal fin a resolución sancionadora determinará o contido desta obriga, así como o prazo para a súa execución.

Quenes sexan responsables das infraccións en materia de medio ambiente deberán indemnizar polos danos e perxuízos causados.

#### Relación de suxeitos a que se refire este Edito:

SANCCIONADO/A	Nº EXP	IMPORTE	ARTIGO
DA SILVA MONTAOS, NEMESIO	SA00106	30.00 €	110.2 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES ARDIA	SA00136	601.00 €	110.4 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
IRAJO VILLANUEVA, JORGE	SA00139	100.00 €	110.2 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
JULIAN MARIN MONTOYA	SA00128	30.00 €	110.2 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE
MANZANO DÍAZ, JOSÉ	SA00138	101.00 €	110.3 ORD. LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE

O Grove, 20 de xullo de 2011.—O Alcalde, ilexible.

2011007906

## A N U N C I O

Aprobada definitivamente, por non presentarse reclamacións na súa contra, a Ordenanza municipal de policía e bo goberno e medidas para fomentar e garantir a convivencia cidadá no espazo público do concello do Grove, que fora aprobada inicialmente polo Pleno municipal na sesión que tivo lugar o 25 de abril de 2011, publíquese o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e a ordenanza aprobada pódese interpor recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

### ORDENANZA DE POLICÍA, BO GOBERNO E MEDIDAS PARA FOMENTAR E GARANTIR A CONVIVENCIA CIDADÁ NO ESPAZO PÚBLICO DO CONCELLO DO GROVE

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O obxectivo principal desta ordenanza é o de preservar o espazo público como un lugar de convivencia e civismo, no que todas as persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, de ocio, de encontro e de recreo, con pleno respecto á dignidade e aos dereitos dos demais e á pluralidade de expresións e de formas de vida diversas existentes no concello do Grove. Súmase pois, e nalgúns aspectos actualízase e mellórase, ás previsións xa contidas noutras ordenanzas

actualmente vixentes, e que se refiren tamén, dunha maneira ou outra, e desde diversas vertentes, ao complexo fenómeno da convivencia.

Fiel ao modelo de sociedade grovese, a ordenanza pretende ser unha ferramenta efectiva para facerlle fronte ás novas situacións e circunstancias que lle poden afectar á convivencia ou alterala e que, ao igual que en calquera outro concello europeo, se están a producir ultimamente no Grove, nun mundo cada vez máis globalizado. Intenta ser unha resposta democrática e equilibrada a estas novas situacións e circunstancias, baseándose, por un lado, no recoñecemento do dereito de todos a comportárense libremente nos espazos públicos e a seren respectados na súa liberdade; pero, por outro lado, tamén, na necesidade de que todos asumamos determinados deberes de convivencia e de respecto á liberdade, a dignidade e os dereitos recoñecidos aos demais, así coma ao mantemento do espazo público en condicións axeitadas. E, todo iso, ademais, sendo conscientes de que, para o logro destes obxectivos, non basta co exercicio, por parte da autoridade municipal, da potestade sancionadora, que en ocasións tamén é necesario, senón que cómpre, tamén, que o Concello leve a cabo as correspondentes actividades de fomento e de prestación social necesarias para promover os valores de convivencia e o civismo na cidade e para atender convenientemente ás persoas que o poidan necesitar. Neste sentido, pois, e como non podería ser doutro modo, o Concello debe ser o primeiro en cumprir a ordenanza.

Desde o punto de vista material, esta ordenanza actúa dentro do ámbito de competencias de que dispón o Concello do Grove co fin de evitar todas as condutas que poidan perturbar a convivencia e minimizar os comportamentos incívicos que se poidan realizar no espazo público.

Ten, así pois, unha natureza claramente transversal, ao afectarlle a un bo número de competencias locais e atravesar literalmente gran parte da estrutura de responsabilidades políticas e do sistema administrativo municipal. O fundamento xurídico da ordenanza encóntrase, en primeiro lugar, na Constitución do ano 1978, sobre todo desde a perspectiva da garantía da autonomía municipal.

Máis tarde, os artigos 139 a 141 da Lei 7/1985, do 7 de abril, Reguladora das bases de réxime local, introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, recolle tamén, expresamente, un título competencial en virtude do cal se establece a posibilidade de que os concellos, para a adecuada ordenación das relacións sociais de convivencia de interese local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos, en defecto de normativa sectorial específica, poidan establecer os tipos das infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións. En todo caso, todas estas previsións configuran unha cobertura legal suficiente para cumprir a reserva legal do mandato de tipificación e darlle resposta completa ao artigo 25.1 da Constitución española.

## **TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS**

### **CAPÍTULO I FINALIDADE, FUNDAMENTOS LEGAIS E ÁMBITO DE APLICACIÓN DA ORDENANZA**

#### *ARTIGO 1. FINALIDADE DA ORDENANZA*

1. Esta ordenanza ten por obxecto preservar o espazo público como lugar de convivencia e civismo, no que todas as persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, ocio, encontro e recreo, con pleno respecto á dignidade e as dereitos dos demais e á pluralidade de expresións culturais, políticas, lingüísticas e relixiosas e de formas de vida diversas existentes no Concello do Grove.

2. Para os efectos expresados no antedito apartado, esta ordenanza regula unha serie de medidas encamiñadas especificamente ao fomento e á promoción da convivencia e ao civismo no espazo público, identifica cales son os bens xurídicos protexidos, prevé cales son as normas de conduta en cada caso e sanciona aquelas que poden perturbar, lesionar ou deteriorar tanto a propia convivencia cidadá coma os bens que se encontran no espazo público que lle debe servir de soporte, previndo, de ser o caso, medidas específicas de intervención.

*ARTIGO 2. FUNDAMENTOS LEGAIS*

1. En primeiro lugar, na Constitución do ano 1978, sobre todo desde a perspectiva da garantía da autonomía municipal, para facer efectivos os dereitos veciñais emanándose os principios constitucionais do art.18 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

2. Lei orgánica 1/1992 sobre protección da seguridade cidadá.

3. Así mesmo, esta ordenanza elaborouse de acordo coa potestade municipal de tipificar infraccións e sancións que, coa finalidade de ordenar as relacións de convivencia cidadá, se establece nos artigos 139 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, regulamentadora das bases de réxime local.

4. O establecido no antedito apartado enténdese sen prexuízo das demais competencias e funcións atribuídas ao Concello do Grove pola normativa xeral de réxime local e a lexislación sectorial aplicable.

*ARTIGO 3. ÁMBITO DE APLICACIÓN OBXECTIVA*

1. Esta ordenanza aplícaselle a todo o termo municipal do Grove.

2. Particularmente, a ordenanza é de aplicación en todos os espazos públicos da vila, coma rúas, vías de circulación, beirarrúas, prazas, avenidas, paseos, pasaxes, parques, xardíns e demais espazos ou zonas verdes ou forestais, pontes, aparcamentos, fontes e edificios públicos e demais espazos destinados ao uso ou ao servizo público de titularidade municipal, así coma a construcións, instalacións, mobiliario urbano e demais bens e elementos de dominio público municipal situados naqueles.

3. Así mesmo, a ordenanza aplícase a aqueloutros espazos, construcións, instalacións, vehículos ou elementos que estean destinados a un uso ou a un servizo público de titularidade dunha administración diferente da municipal ou de calquera outra entidade ou empresa, pública ou privada, como vehículos de transporte; marquesiñas; paradas de autobuses ou de autocar; valos; sinais de tráfico; colectores e demais elementos de natureza similar.

Cando sexa o caso, o Concello impulsará a subscrición de convenios específicos cos titulares dos ditos espazos, construcións, instalacións, vehículos ou elementos co fin de dotar da cobertura xurídica necesaria á intervención municipal.

4. Igualmente, a ordenanza aplícaselles aos areas do Grove e á a zona portuaria naqueles ámbitos ou materias que sexan de competencia municipal de acordo coa lexislación aplicable, ou en virtude dun acordo de delegación ou de convenio.

5. A ordenanza aplicarase tamén a espazos, construcións, instalación de bens de titularidade privada cando desde eles se realicen condutas ou actividades que afecten ou poidan afectarlles negativamente á convivencia e ao civismo nos espazos, instalacións e elementos sinalados nos devanditos apartados, ou cando o descoido ou a falta dun adecuado mantemento destes por parte dos seus propietarios ou propietarias, arrendatarios ou arrendatarias ou usuarios ou usuarias poida implicar igualmente consecuencias negativas para a convivencia ou o civismo no espazo público.

*ARTIGO 4. ÁMBITO DE APLICACIÓN SUBXECTIVA*

1. Esta ordenanza aplícaselles a todas as persoas que están no concello do Grove, sexa cal sexa a súa concreta situación xurídica administrativa.

2. Esta ordenanza é aplicable ás condutas realizadas polos menores de idade, nos termos e coas consecuencias previstas nesta ordenanza e no resto do ordenamento xurídico. Nos supostos en que así se prevexa expresamente, os pais ou nais, tutores ou titoras, ou gardadores ou gardadoras, tamén poderán ser considerados responsables das infraccións cometidas polos menores cando concorra, por parte daqueles, dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

3. Así mesmo, nos supostos en que así se prevexa de maneira expresa na ordenanza, esta tamén lles será aplicable aos organizadores de actos públicos aos que se refire o artigo 8.

**CAPÍTULO II****PRINCIPIOS XERAIS DE CONVIVENCIA CIDADÁ E CIVISMO: DEREITOS E DEBERES***ARTIGO 5. PRINCIPIO DE LIBERDADE INDIVIDUAL*

Todas as persoas ás que se refire o artigo anterior teñen dereito a comportárense libremente nos espazos públicos da vila e a seren respectadas na súa liberdade. Este dereito exercecese sobre a base do respecto á liberdade, á dignidade e aos dereitos recoñecidos ás demais persoas, así coma do mantemento do espazo público en condicións adecuadas para a propia convivencia.

*ARTIGO 6. DEBERES XERAIS DE CONVIVENCIA E DE CIVISMO*

1. Sen prexuízo doutros deberes que se poidan derivar desta ou outras ordenanzas municipais e do resto do ordenamento xurídico aplicable, todas as persoas que están no concello, sexa cal sexa o título ou as circunstancias en que o fagan ou a situación xurídica administrativa en que se encontren, deben respectar as normas de conduta previstas na presente ordenanza, como presuposto básico de convivencia no espazo público.

2. Ninguén pode, co seu comportamento, menoscabar os dereitos das demais persoas nin atentar contra a súa dignidade ou a súa liberdade de acción. Todas as persoas absteranse particularmente de realizar prácticas abusivas, arbitrarias ou discriminatorias ou que ocasionen violencia física ou coacción moral ou psicolóxica ou doutro tipo.

3. É un deber básico de convivencia cidadá tratar con respecto, atención, consideración e solidariedade especiais a aquelas persoas que, polas súas circunstancias persoais, sociais ou de calquera outra índole, máis o necesiten.

4. Todas as persoas teñen a obriga de utilizaren correctamente os espazos públicos da vila e os servizos, as instalacións e o mobiliario urbano e demais elementos situados neles, de acordo coa súa propia natureza, destino e finalidade, e respectando en todo caso o dereito que tamén teñen os demais a usalos e gozaren deles.

5. Todas as persoas propietarias ou ocupantes de inmobles, edificios, construcións, instalacións, vehículos ou outros bens de titularidade privada están obrigados a evitar que, desde estes, poidan producirse condutas ou actividades que causen molestias innecesarias ás demais persoas.

6. Todas as persoas que se encontren no concello do Grove teñen o deber de colaborar coas autoridades municipais ou os seus axentes na erradicación das condutas que alteren, perturben ou lesionen a convivencia cidadá.

7. As persoas usuarias turísticas teñen o deber de respectar o regulamento de uso e as normas xerais de convivencia e hixiene, os valores ambientais, culturais ou doutra clase dos recursos turísticos que utilicen ou visiten.

**CAPÍTULO III****MEDIDAS PARA FOMENTAR A CONVIVENCIA***ARTIGO 7. FOMENTO DA CONVIVENCIA CIDADÁ E DO CIVISMO*

1. O Concello levará a cabo as políticas de fomento da convivencia e o civismo que sexan necesarias co fin de conseguir que as condutas e actitudes das persoas que están na cidade se adecúen aos estándares mínimos de convivencia co obxectivo de garantir o civismo e de mellorar en consecuencia a calidade de vida no espazo público.

2. Co fin de garantir a máxima eficacia das actuacións impulsadas ou realizadas desde o Concello para promocionar e fomentar a convivencia e o civismo na cidade, e sempre que se considere necesario en atención ás persoas destinatarias e a súa propia finalidade, as anteditas actuacións municipais poderán adaptarse ás circunstancias lingüísticas, culturais, sociais, relixiosas ou de calquera outra índole

das persoas ás que vaian destinadas a fin de que estas poidan comprender adecuadamente as mensaxes e asumir como propios os valores de convivencia e civismo.

#### **CAPÍTULO IV ORGANIZACIÓN E AUTORIZACIÓN DE ACTOS PÚBLICOS**

##### *ARTIGO 8. ORGANIZACIÓN E AUTORIZACIÓN DE ACTOS PÚBLICOS*

1. Os organizadores de actos celebrados nos espazos públicos deben garantir a seguridade das persoas e os bens. Para estes efectos deben cumprir coas condicións de seguridade xerais e de autoprotección que se fixen en cada caso polo órgano competente. Cando as circunstancias así o aconsellen, o Concello poderá esixirlles aos organizadores que depositen unha fianza ou subscriban unha póliza de seguro para responder dos danos e perdas que poidan causarse.

2. Os organizadores de actos públicos, en atención aos principios de colaboración, corresponsabilidade e confianza coa autoridade municipal, deberán velar porque os espazos públicos utilizados non se lixen e os seus elementos urbanos ou arquitectónicos non se deterioren, quedando obrigados, de ser o caso, á correspondente reparación, reposición e/ou limpeza.

3. O Concello non outorgará autorización para a celebración de actos festivos, musicais, culturais, deportivos ou de índole similar nos espazos públicos nos que se pretendan realizar cando, polas previsións do público asistente, as características do propio espazo público ou outras circunstancias debidamente acreditadas e motivadas no expediente, os ditos acontecementos poidan poñer en perigo a seguridade, a convivencia ou o civismo. Nestes supostos, sempre que sexa posible, o Concello propoñeralle aos organizadores espazos alternativos nos que poida celebrarse o acto.

4. Cando se trate do exercicio do dereito fundamental de reunión e manifestación, recoñecido no artigo 21 da Constitución, e de acordo co disposto no artigo 9.2 da Lei orgánica 9/1983, de 15 de xullo, o Concello emitirá un informe preceptivo motivado no que se recollerán as circunstancias e causas obxectivas que, se é o caso, poidan desaconsellar a celebración do acto ou acontecemento no espazo público previsto polos seus organizadores, a fin de que a autoridade gubernativa competente adopte a decisión que corresponda.

#### **TÍTULO II NORMAS DE CONDUCTA NO ESPAZO PÚBLICO, INFRACCIÓNS, SANCIÓN E INTERVENCIÓNS ESPECÍFICAS**

##### **CAPÍTULO I ATENTADOS CONTRA A DIGNIDADE DAS PERSOAS**

##### *ARTIGO 9. FUNDAMENTOS DA REGULAMENTACIÓN*

As condutas tipificadas como infraccións neste capítulo encontran o seu fundamento, constitucional e legal na necesidade de evitar no espazo público todas as prácticas individuais ou colectivas que atenten contra a dignidade das persoas, así como as prácticas discriminatorias de contido xenófobo, racista, sexista, homófobo, ou de calquera outra condición ou circunstancia persoal, económica ou social, especialmente cando se dirixan aos colectivos máis vulnerables.

##### *ARTICULO 10. NORMAS DE CONDUCTA*

1. Queda prohibida no espazo público toda conduta de menosprezo á dignidade das persoas, así coma calquera comportamento discriminatorio, sexa de contido xenófobo, racista, sexista ou homófobo, ou de calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, de feito, por escrito ou de palabra, mediante insultos, burlas, molestias intencionadas, coacción psíquica ou física, agresións ou outras condutas vexatorias.

2. Quedan especialmente prohibidas as condutas anteriormente descritas cando teñan como obxecto ou se dirixan contra persoas maiores, menores e persoas con eivas.

3. En concreto, prohíbense as actitudes de acoso entre menores no espazo público. Serán especialmente perseguidas as condutas de agresión ou asedio a menores realizadas por grupos de persoas que actúen no espazo urbano.

4. As persoas organizadoras de calquera acto público de natureza cultural, festiva, lúdica ou deportiva, ou de calquera outra índole, velarán porque non se produzan, durante a súa celebración, as condutas descritas nos devanditos apartados. Se con motivo de calquera deses actos se realizan as anteditas condutas, os seus organizadores deberán comunicalo inmediatamente aos axentes da autoridade.

#### *ARTIGO 11. RÉXIME DE SANCIÓN*

1. Sen prexuízo de que os feitos sexan constitutivos de infracción penal, a realización das condutas descritas no apartado 1 do artigo precedente terá a consideración de infracción grave, e será sancionada con multa de 600 €, agás que o feito constitúa unha infracción ou lle corresponda unha sanción diferente, de acordo coa lexislación aplicable.

2. Sen prexuízo da lexislación penal, terán a consideración de infraccións moi graves, que se sancionarán cunha multa de 1.500 €, as condutas descritas nos apartados 2 e 3 do artigo precedente. Se as ditas condutas fosen realizadas por grupos de persoas, imputaráselles a comisión da infracción a todos os membros destes grupos que se encontrasen no lugar dos feitos e participasen, activa ou pasivamente, na realización das condutas antixurídicas previstas no artigo anterior.

#### Artigo 12. Intervencións específicas

Cando as condutas contrarias á dignidade das persoas ou discriminatorias poidan ser constitutivas de ilícitos penais, os axentes da autoridade poñerano en coñecemento da autoridade xudicial competente, sen prexuízo da continuación do expediente sancionador.

### **CAPÍTULO II**

#### **DEGRADACIÓN VISUAL DA CONTORNA URBANA**

#### *ARTIGO 13. FUNDAMENTOS DA REGULAMENTACIÓN*

1. A regulamentación contida neste capítulo fundaméntase no dereito a gozar da paisaxe urbana da vila, que é indisoluble do correlativo deber de mantela en condicións de limpeza, pulcritude e decoro.

2. Os grafiti, as pintadas e outras condutas de ensuciado e feísmo non só desvalorizan o patrimonio público ou privado e poñen de manifesto a súa deterioración, senón que principalmente provocan unha degradación visual da contorna, que lle afecta á calidade de vida da veciñanza e das persoas visitantes.

3. O deber de absterse de encher de lixo, manchar e deslucir a contorna encontra o seu fundamento na evitación da contaminación visual, e é independente e por tanto compatible coas infraccións, incluídas as penais, baseadas na protección do patrimonio, tanto público coma privado.

#### *SECCIÓN 1.ª. GRAFITTI, PINTADAS E OUTRAS EXPRESIÓNS GRÁFICAS*

#### *ARTIGO 14. NORMAS DE CONDUTA*

1. Está prohibido realizar todo tipo de grafiti, pintada, mancha, garabato, escrito, inscrición ou grafismo, con calquera materia (tinta, pintura, materia orgánica ou similares) ou ben raiando a superficie, sobre calquera elemento do espazo público, así coma no interior ou exterior de equipamentos, infraestruturas ou elementos dun servizo público e instalacións en xeral, incluídos transporte público, equipamentos, mobiliario urbano, árbores, xardíns e vías públicas en xeral e o resto dos elementos descritos no artigo 3 desta ordenanza. Quedan excluídos os murais artísticos que se realicen con autorización do propietario ou con autorización municipal (muros de arte urbano).

2. Cando o grafiti ou a pintada se realice nun ben privado que se encontre instalado de maneira visible ou permanente na vía pública, necesitarase, tamén, a autorización expresa do Concello.

3. As persoas organizadoras de calquera acto público de natureza cultural, festiva, lúdica ou deportiva, ou de calquera outra índole, velarán porque non se produzan, durante a súa celebración, condutas de degradación visual do espazo utilizado. Se con motivo de calquera destes actos se producen as condutas descritas no apartado primeiro deste artigo, os seus organizadores deberán comunicalo inmediatamente aos axentes da autoridade.

4. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria das nais, pais ou persoas titoras ou gardadoras polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións descritas neste artigo cometidas polos menores que se encontren baixo a súa tutela, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

#### ARTICULO 15. RÉXIME DE SANCIÓNS

1. A realización das condutas descritas no artigo precedente terá a consideración de infracción leve, e será sancionada cunha multa de 300 €, agás que o feito constitúa unha infracción máis grave.

2. Terán a consideración de infraccións graves, sancionables cunha multa de 600 €, as pintadas ou os grafiti que se realicen:

- a) Nos elementos do transporte, xa sexan de titularidade pública ou privada, e, no primeiro caso, municipal ou non, incluídos os vehículos, as paradas, as marquesiñas e demais elementos instalados nos espazos públicos.
- b) Nos elementos dos parques e xardíns públicos, fontes, esculturas, bancos ou calquera mobiliario en espazo publico.
- c) Nas fachadas dos inmobles, públicos ou privados, lindeiros, agás que a extensión da pintada ou o grafito sexa case inapreciable.
- d) Nos sinais de tráfico ou de identificación viaria, ou de calquera elemento do mobiliario urbano, cando implique a non utilización ou perda total ou parcial de funcionalidade do elemento.

3. As infraccións terán o carácter de moi grave, e serán sancionadas cunha multa de 1.500 €, cando se atente especialmente contra o espazo urbano por realizarse sobre monumentos ou edificios catalogados ou protexidos.

#### ARTIGO 16. INTERVENCIÓNS ESPECÍFICAS

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, os axentes da autoridade retirarán e intervirán con cautela os materiais ou medios empregados.

2. Se polas características da expresión gráfica, o material empregado ou o ben afectado fose posible a limpeza e a restitución inmediata ao seu estado anterior, os axentes da autoridade cominarán persoalmente a persoa infractora a que proceda á súa limpeza, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan pola infracción cometida.

3. O Concello, subsidiariamente, poderá limpar ou reparar os danos causados pola infracción, con cargo á persoa ou persoas responsables e sen prexuízo da imposición das sancións correspondentes. O Concello resarcirase dos gastos que ocasione a limpeza ou reparación, sen prexuízo tamén da imposición das sancións oportunas.

4. Tratándose as persoas infractoras de menores, faranse os trámites oportunos e necesarios para comprobar se concorren indicios para as circunstancias previstas no apartado 4 do artigo 14.

5. Cando o grafiti ou a pintada poidan ser constitutivos da infracción patrimonial prevista no artigo 626 do Código penal, os axentes da autoridade poñerano en coñecemento da autoridade xudicial competente, sen prexuízo da continuación do expediente sancionador.

*SECCIÓN 2.ª. PANCARTAS, CARTEIS E FOLLETOS**ARTICULO 17. NORMAS DE CONDUTA*

1. Prohíbese a colocación de carteis, valos, rótulos, pancartas, adhesivos, papeis pegados ou calquera outra forma de publicidade, anuncio ou propaganda, con excepción dos casos expresamente autorizados pola autoridade municipal e deberá efectuarse unicamente nos lugares expresamente habilitados para o efecto pola autoridade municipal. Está prohibida a colocación de carteis e pancartas en edificios e instalacións municipais, en calquera espazo público ou elemento da paisaxe e o mobiliario urbano ou natural, sen autorización expresa do Concello.

2. Igualmente, necesitarase autorización expresa do Concello, ademais da do titular do ben afectado, cando o cartel ou a pancarta se instale nun ben privado se voa sobre o espazo público, excluídas as pancartas en balcóns e outras aberturas.

3. As persoas titulares da autorización serán responsables da retirada dos elementos instalados e de repoñer os elementos ao seu estado anterior, de acordo coas indicacións que dean os servizos municipais.

4. Prohíbese esgazar, arrincar e tirar ao espazo público carteis, anuncios, pancartas e obxectos similares.

5. Prohíbese colocar publicidade sobre a parte exterior dos cristais dos vehículos, así coma espaxer e tirar toda clase de folletos ou papeis de publicidade comercial ou calquera material similar na vía pública e nos espazos públicos e outros espazos definidos no artigo 3 desta ordenanza.

6. As persoas que reparten publicidade domiciliaria non poderán deixar propaganda fóra do recinto da portería dos edificios.

7. Prohíbese espaxer e tirar toda clase de folletos e materiais similares, exceptuándose as situacións que no sentido contrario autorice a Alcaldía.

8. As persoas físicas ou xurídicas que promovan a contratación ou difusión da mensaxe responderán directa e solidariamente das infraccións precedentes cos autores materiais do feito.

*ARTIGO 18. RÉXIME DE SANCIÓNNS*

1. Os feitos descritos no artigo anterior serán constitutivos de infracción leve, e sancionados cunha multa de 300 €.

2. Terán, non obstante, a consideración de infraccións graves a colocación de carteis, pancartas ou adhesivos en edificios e instalacións municipais, no mobiliario urbano ou natural, e en xeral, en todos aqueles elementos que, situados no espazo público, estean destinados a prestarlle servizos específicos á cidadanía. Nestes casos, a infracción será sancionada cunha multa de 600 €.

3. Cando as infraccións precedentes se realicen sobre monumentos ou edificios catalogados ou protexidos, terán a consideración de moi graves, e serán sancionadas cunha multa de 1.500 €. Terá a mesma consideración e o importe da multa será o mesmo cando a colocación de carteis, pancartas ou adhesivos se faga en sinais de tráfico de maneira que imposibilite unha correcta visión por parte das persoas condutoras e/ou peóns.

*ARTIGO 19. INTERVENCIÓNS ESPECÍFICAS*

1. Nos supostos recollidos nos anteditos artigos, os axentes da autoridade retirarán e intervirán con cautela os materiais ou medios empregados.

2. Así mesmo, cominarán persoalmente a persoa infractora a que proceda a retirar o material e reparar os danos efectuados pola súa colocación, sen prexuízo das sancións que corresponda impoñer pola infracción cometida.

3. O Concello poderá adoptar a medida de cautela de retirada dos elementos de propaganda ou publicidade con cargo á persoa responsable, sen prexuízo da imposición das sancións correspondentes.



*SECCIÓN 3.ª. TRATAMIENTO DOS RESIDUOS**ARTIGO 20. RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS*

1. A recollida de residuos urbanos ou municipais efectuarana os servizos municipais, coa frecuencia e horario necesarios, dándosele a publicidade necesaria para o xeral coñecemento da veciñanza.

2. Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida, transporte e/ou recuperación dos residuos urbanos, sen a previa concesión ou autorización municipal.

*ARTIGO 21. RESIDUOS DOMICILIARIOS*

1. Consideraranse residuos domiciliarios os que proceden da normal actividade doméstica, e aqueles asimilables, en aplicación da normativa vixente.

2. O Concello disporá, distribuídos por determinadas zonas, colectores de lixo específicos para a recollida selectiva, para facilitar a recuperación dos residuos.

*ARTIGO 22. DEPÓSITO DOS RESIDUOS*

1. Os residuos domiciliarios e asimilables a urbanos autorizados depositaranse de 20.00 a 23:00 en inverno e de 21:00 a 23.00 horas no verán, e nos lugares, recipientes e colectores de lixo dispostos polo Concello para ese fin, coa obriga expresa por parte da veciñanza e comerciantes de pregaren e introduciren as caixas de cartón nos colectores habilitados polo concello para cada residuo, estando prohibido depositalos nun colector distinto ao designado.

2. Nos supostos de que o seu volume o faga necesario, as caixas de cartón e outros envases deberán ser trasladados polos interesados ao Punto Limpo municipal, ou producirse a xestión directa por parte do produtor ás súas expensas.

3. A veciñanza deberá facer bo uso dos colectores destinados a residuos domiciliarios, depositando exclusivamente os residuos sólidos urbanos, quedando terminantemente prohibido depositar nos recipientes normalizados os entullos procedentes de calquera clase de obra, líquidos, cascallos, efectos, animais mortos, etc., e materiais en combustión.

4. Os residuos depositaranse no colector en bolsas de plásticos, hermeticamente pechadas, aproveitando a súa capacidade, rompendo os obxectos que sexa posible, antes de depositalos.

5. A excepción daqueles que son propios, ningún tipo de residuos poderá ser evacuado a través da rede de sumidoiros.

6. Queda terminantemente prohibido depositar o lixo ou residuos por enriba ou arredor dos colectores.

7. Prohíbese botar cigarros puros, cabichas de cigarros ou outras materias prendidas nas papeleiras. En todo caso, deberán depositarse unha vez apagadas.

8. Prohíbese, igualmente, botar no chan calquera clase de desperdicio desde os vehículos, xa estean parados ou en marcha.

9. Queda prohibido tirar e abandonar na vía pública toda clase de produtos en estado sólido, líquido ou gasoso. Os residuos sólidos de pequeno formato como papeis, envoltorios e similares deberán depositarse nas papeleiras instaladas para ao efecto ou nos colectores do servizo público de limpeza.

*ARTIGO 23. RESIDUOS COMERCIAIS E INDUSTRIAIS*

1. En mercados, galerías de alimentación, supermercados, bares, restaurantes, etc., a retirada dos residuos establecerase de maneira especial, estando obrigados os seus titulares ao varrido e limpeza das zonas de achega.

2. As persoas e empresas produtoras ou posuidoras de residuos industriais están obrigadas a realizar cantas operacións de xestión marque a lexislación vixente para cada tipo de residuos, como recollida, transporte, almacenamento, clasificación, valoración e/ou vixilancia.

3. Cando así proceda polo volume ou tipo de residuo, a propiedade ou titularidade das industrias estará obrigada a xestionar os seus residuos asimilables a urbanos, por si mesmos e ás súas expensas, por indicación expresa do Concello.

#### *ARTIGO 24. TERRAS E CASCALLOS*

1. Os residuos de construción e derruba deberán ser xestionados polos produtores, de acordo á normativa vixente.

2. As persoas produtoras e transportistas dos residuos de derruba e construción están obrigadas a obter as licenzas que correspondan, así coma os permisos para a produción, transporte e eliminación destes.

3. O Concello asume a recepción xestión dos residuos xerados por pequenas obras de reparación domiciliaria realizadas pola veciñanza, que deberá transportalos ata o Punto Limpo polos seus propios medios. Este dereito non será aplicable aos residuos de obras realizadas por empresas ou profesionais.

#### *ARTIGO 25. MOBLES, EFECTOS E OBXECTOS INÚTILES*

1. Prohíbese depositar nos espazos públicos mobles e obxectos inútiles, agás nos lugares, datas e horarios autorizados polo Concello.

2. Incluso nos ditos lugares e momentos, cando a cantidade de residuos para depositar así o faga conveniente, segundo a valoración realizada polos servizos municipais, o depósito deberá realizarse polas persoas interesadas no Punto Limpo, polos seus propios medios e á súa costa.

3. Fóra dos lugares e momentos autorizados, este tipo de obxectos poderán ser depositados no Punto Limpo polas persoas interesadas, polos seus propios medios e á súa costa.

4. As persoas que desexen desfacerse de tales elementos solicitaranllo ao servizo municipal competente, que lle indicará o día e hora para depositalos na beirarrúa

#### *ARTIGO 26. RESTOS VEXETAIS*

1. Os restos de rozas, podas, segas, etc., de gran volume, deberán comunicárselles antes da súa produción aos servizos municipais, que indicarán o procedemento de eliminación, podendo indicar o seu traslado por medios propios e ás súas expensas ao Punto Limpo ou á Planta de Tratamento.

2. As persoas xeradoras de residuos vexetais, que o sexan de forma habitual e significativa, deberán dispoñer de colectores adecuados, quedando obrigados a depositalos e a retiralos dos lugares indicados polo Concello.

#### *ARTIGO 27. ANIMAIIS MORTOS*

1. Prohíbese terminantemente abandonar nas vías ou lugares públicos cadáveres de animais, así como tiralos aos colectores destinados á recepción de residuos, incineralos ou enterralos en calquera lugar, fóra dos lugares expresamente autorizados.

2. Cando se produza a morte dun animal doméstico, o seu propietario deberá contactar cos servizos técnicos da delegación de Sanidade, que lle darán, en cada caso, as indicacións oportunas para que a recollida, transporte e eliminación do cadáver se produza nas condicións hixiénicas adecuadas e segundo o establecido na lexislación vixente.

*ARTIGO 28. EXCREMENTOS DE ANIMAIS*

1. As persoas que acompañen os seus animais están obrigadas a recoller os excrementos que depositen en calquera lugar das vías ou lugares públicos e, de maneira especial, en zonas de recreo infantil e en zonas de estadia ou paso.

2. Cando os excrementos dos animais queden depositados nas beirarrúas, paseos, xardíns e, en xeral, en calquera lugar destinado ao tránsito de peóns ou xogo infantil, deberán ser recollidos polas persoas propietarias, ou persoas que os conduzan, e depositados nun colector de lixo, encerrados nunha bolsa de plástico.

*ARTIGO 29. OUTROS RESIDUOS*

1. Os residuos xerados no termo municipal, que non teñan a consideración de urbanos ou municipais, deberán ser xestionados polos seus responsables, atendendo á normativa legal que lle corresponda en cada caso.

2. Nestes supostos ao Concello corresponderalle realizar as inspeccións oportunas e denunciar as infraccións que se observen.

*ARTIGO 30. RÉXIME DE SANCIÓN*

1. Constitúen infraccións leves, e serán castigados cunha multa de 300 €:

- a) O incumprimento dos horarios establecidos na presente ordenanza, na ordenanza de limpeza e medio ambiente, nos bandos, resolucións ou instrucións municipais que a desenvolvan.
- b) Non varrer ou limpar as zonas de recollida de residuos, os titulares de mercados, galerías de alimentación, supermercados, bares, restaurantes, etc.
- c) O depósito dos residuos, de menos de 10 quilogramos de peso, fóra dos recipientes ou lugares dispostos para a súa recollida.

2. Constitúen infraccións graves, e serán castigados cunha multa de 600 €:

- a) O depósito dos residuos, de máis de 10 e menos de 100 quilogramos de peso, fóra dos recipientes ou lugares dispostos para a súa recollida.
- b) Depositar nos colectores líquidos, cascallos e/ou efectos.
- c) Depositar nos espazos públicos mobles e obxectos inútiles, fóra dos lugares, datas e horarios autorizados polo Concello.
- d) Evacuar calquera tipo de residuo non autorizado a través da rede de sumidoiros.
- e) Non recoller os excrementos depositados en lugares públicos polos animais, non encerralos nunha bolsa de plástico ou tiralos a un lugar desaxeitado.
- f) Abandonar vehículos nas vías e lugares públicos.
- g) Abandonar nas vías ou lugares públicos cadáveres de animais, así como tiralos aos colectores destinados á recepción de residuos, incineralos ou enterralos en lugares non expresamente autorizados.

3. Constitúen infraccións moi graves, e serán castigados cunha multa de 1500 € :

- a) Efectuar a recollida, o transporte e/ou a recuperación dos residuos urbanos, sen a previa concesión ou autorización municipal.
- b) Non lle proporcionar ao Concello os datos relativos á natureza dos residuos ou facilitar información falsa sobre eles.
- c) Manter elementos vexetais en estado que supoña perigo de propagación de pragas ou enfermidades ou que entrañen risco para as persoas.
- d) Depositar nos colectores para residuos materiais en combustión.
- e) Abandonar na vía pública ou nos colectores os restos de roza, podas, segas, etc., de gran volume.

- f) Non realizar os produtores ou posuidores de residuos industriais, as operacións de xestión a que lles obrigue a lexislación vixente para cada tipo de residuos, como recollida, transporte, almacenamento, clasificación, valoración e/ou vixilancia.
- g) Depositar nas vías ou lugares públicos colectores para cascallos ou material de construción, sen a preceptiva autorización municipal.

### **CAPÍTULO III USO INADECUADO DO ESPAZO PÚBLICO PARA XOGOS**

#### *ARTIGO 31. FUNDAMENTOS DA REGULAMENTACIÓN*

1. A regulamentación contida neste capítulo fundaméntase na liberdade de circulación das persoas, na protección dos peóns e no dereito que todas as persoas teñen a non seren perturbadas no seu exercicio e a gozaren de xeito lúdico dos espazos públicos consonte a natureza e o destino destes, respectando as indicacións contidas nos rótulos informativos do espazo afectado, de existiren, e en calquera caso os lexítimos dereitos dos demais usuarios ou usuarias.

2. A práctica de xogos de pelota, monopatín ou similares no espazo público está sometida ao principio xeral de respecto aos demais, e, en especial, da súa seguridade e tranquilidade, así coma ao feito de que no impliquen perigo para os bens, servizos ou instalacións, tanto públicos coma privados.

#### *ARTIGO 32. NORMAS DE CONDUCTA*

1. Prohíbese a práctica de xogos no espazo público e de competicións deportivas masivas e espontáneas que perturben os lexítimos dereitos da veciñanza ou das demais persoas usuarias do espazo público.

2. Está especialmente prohibida a práctica de xogos con instrumentos ou outros obxectos que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas usuarias do espazo público, así coma a integridade dos bens, servizos ou instalacións, tanto públicos coma privados.

3. Sen prexuízo das infraccións previstas na Ordenanza sobre tráfico e zona azul, non está permitida a práctica de acrobacias e xogos de habilidade con bicicletas, patíns ou monopatíns fóra das áreas destinadas para tal efecto. Queda prohibida a utilización de escaleiras para peóns, elementos para a accesibilidade de persoas con eivas, varandas, bancos, pasamáns, ou calquera outro elemento do mobiliario urbano para realizar acrobacias con patíns e monopatíns.

4. Prohíbese xogar á pelota e ao balón nos lugares onde exista unha prohibición expresa, a través dos carteis informativos colocados polo Concello.

#### *ARTIGO 33. RÉXIME DE SANCIÓNS*

1. Os axentes da autoridade nos casos previstos no artigo 31.1 limitaranse a lembrarlle a estas persoas que as ditas prácticas están prohibidas pola presente ordenanza. Se a persoa persistise na súa actitude, poderá ser sancionada de acordo co apartado seguinte.

2. O incumprimento das normas previstas no antedito artigo considerarase infracción leve e será sancionada cunha multa de 300 €, agás que o feito constituía unha infracción máis grave.

3. Terán, non obstante, a consideración de infraccións graves, e serán sancionadas cunha multa de 600 €:

- a) A práctica de xogos que impliquen un risco relevante para a seguridade das persoas ou os bens, e, en especial, a circulación temeraria con patíns ou monopatíns por beirarrúas ou lugares destinados a peóns.
- b) A utilización de elementos ou instalacións arquitectónicos ou do mobiliario urbano para a práctica do monopatín, patíns ou similares cando se poñan en perigo de deterioración.

*ARTIGO 34. INTERVENCIÓNS ESPECÍFICAS*

1. Tratándose da infracción consistente na práctica de xogos no espazo público, os axentes da autoridade procederán á intervención con cautela dos medios empregados.
2. Igualmente, no caso das infraccións graves previstas no apartado segundo do artigo anterior, os axentes intervirán con cautela o xogo, monopatín, patín ou similar co que se teña producido a conduta.

**CAPÍTULO IV  
OUTRAS CONDUCTAS NO ESPAZO PÚBLICO**

*SECCIÓN 1.ª. OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO POR CONDUCTAS  
QUE ADOPTAN FORMAS DE MENDICIDADE*

*ARTIGO 35. FUNDAMENTOS DA REGULAMENTACIÓN*

1. As condutas tipificadas como infraccións nesta sección pretenden salvaguardar, como bens especialmente protexidos, o dereito que ten a veciñanza a transitar polo concello do Grove sen ser molestada ou perturbada na súa vontade, a libre circulación das persoas, a protección de menores, así coma o correcto uso das vías e os espazos públicos.
2. Especialmente, esta sección tende a protexer as persoas que están no concello do Grove fronte a condutas que adoptan formas de mendicidade insistente, intrusiva ou agresiva, así coma organizada, sexa esta directa ou encuberta baixo prestación de pequenos servizos non solicitados, ou calquera outra fórmula equivalente, así coma fronte a calquera outra forma de mendicidade que, directa o indirectamente, utilice a menores como reclamo ou estes acompañen a persoa que exerce esa actividade.

*ARTIGO 36. NORMAS DE CONDUCTA*

1. Prohíbense aquelas condutas que, baixo a aparencia de mendicidade ou baixo formas organizadas, representen actitudes coactivas ou de acoso, ou obstaculicen e impidan de maneira intencionada o libre tránsito da cidadanía polos espazos públicos.
2. Queda igualmente prohibido o ofrecemento de calquera ben ou servizo a persoas que se encontren no interior de vehículos privados ou públicos. Consideraranse incluídos neste suposto, entre outros comportamentos, a limpeza dos parabrisas dos automóviles detidos na vía pública, así coma o ofrecemento de calquera obxecto, o cobramento, solicitude de esmola ou petición de cartos por indicar ou amosar as prazas de estacionamento ou axudar a estacionar.
3. Sen prexuízo do previsto no artigo 232 do Código penal, queda totalmente prohibida a mendicidade exercida por menores ou aquela que se realice, directa ou indirectamente, con menores ou persoas con eivas.
4. Prohíbese tamén a realización no espazo público de actividades de calquera tipo cando obstrúan ou poidan obstruíren o tránsito rodado pola vía pública, poñan en perigo a seguridade das persoas ou impidan de maneira manifesta o libre tránsito das persoas por beirarrúas, prazas, avenidas, pasaxes ou bulevares ou outros espazos públicos. Estas condutas están especialmente prohibidas cando se desenvolvan na calzada, ou invadindo espazos de tránsito rodado.
5. Naqueles casos de condutas que adoptan formas de mendicidade non previstas nos anteditos apartados, e que teñan raíz social, os axentes da autoridade contactarán cos servizos sociais para o efecto de que sexan estes os que conduzan a aquelas persoas que as exerzan aos servizos sociais de atención primaria, coa finalidade de asistilas, se for necesario.

*ARTIGO 37. RÉXIME DE SANCIÓN*

1. Cando a infracción consista na obstaculización do libre tránsito da cidadanía polos espazos públicos, os axentes da autoridade informarán, en primeiro lugar, a estas persoas de que as ditas

prácticas están prohibidas pola presente ordenanza. Se a persoa persistise na súa actitude e non abandonase o lugar, procederase a impoñerlle a sanción que corresponda.

En todo caso, estas sancións poderán ser substituídas, de acordo coa lexislación, por sesións de atención individualizada cos servizos sociais ou por cursos nos que se informará ás persoas afectadas das posibilidades de que as institucións públicas e privadas lles ofrezan apoio e asistencia social, prestándolles, asemade, a axuda que cumpra.

2. A realización das condutas descritas no apartado 1 do antedito artigo é constitutiva dunha infracción leve, e poderá ser sancionada cunha multa de ata 300 €, agás que os feitos poidan ser constitutivos dunha infracción máis grave.

3. As condutas recollidas no apartado 2 do antedito artigo terán a consideración de infraccións leves e serán sancionadas cunha multa de ata 300 €. Cando se trate da limpeza dos parabrisas dos automóbiles detidos na vía pública, a infracción terá a consideración de grave, e será sancionada cunha multa de 600 €. Neste último suposto non se requirirá a orde de abandono da actividade e procederase ao inicio do correspondente procedemento administrativo sancionador.

4. Se a mendicidade é exercida por menores, as autoridades municipais prestaranlle a estes, de forma inmediata, a atención que cumpra, sen prexuízo de que se adopte o resto das medidas que prevé, de ser o caso, o ordenamento xurídico. Considerarase, en todo caso, infracción moi grave, e será sancionada cunha multa de 1.500 €, a mendicidade exercida, directa ou indirectamente, con acompañamento de menores ou con persoas con eivas sen prexuízo do previsto no artigo 232.1 do Código penal.

5. As condutas recollidas no apartado 4 do artigo anterior terán a consideración de infraccións leves, e sancionaranse cunha multa de ata 300 €, agás no caso das condutas que o antedito apartado 4 cualifica de especialmente prohibidas, cuxa sanción poderá ascender á contía de 600 €. Os axentes da autoridade informarán, en primeiro lugar, a estas persoas de que as ditas prácticas están prohibidas pola presente ordenanza. Se a persoa persistise na súa actitude e non abandonara o lugar, procederase a impoñerlle a sanción que corresponda. En todo caso, estas sancións poderán ser substituídas, de acordo coa lexislación, por sesións de atención individualizada cos servizos sociais ou por cursos nos que se lles informará das posibilidades de que as institucións públicas e privadas lles ofrezan asistencia social prestándolles, asemade, a axuda que cumpra.

#### *ARTIGO 38. INTERVENCIÓNS ESPECÍFICAS*

1. O Concello adoptará todas as medidas ao seu alcance para erradicar o fenómeno da mendicidade en calquera das súas formas no territorio municipal. Con tal fin, traballará e prestará a axuda que cumpra para a inclusión social, aplicando a lexislación sobre esta materia en Galicia. O Concello, así mesmo, adoptará todas as medidas ao seu alcance para erradicar o fenómeno da mendicidade agresiva ou organizada en calquera das súas formas na cidade.

2. Os axentes da autoridade, ou de ser o caso os servizos sociais, informarán a todas as persoas que exerzan a mendicidade en lugares de tránsito público das dependencias municipais e dos centros de atención institucional ou de carácter privado (asociacións, organizacións non gobernamentais —ONG—, etc.) aos que poden acudir para recibiren o apoio que for necesario para abandonar estas prácticas. En todo caso, os axentes da autoridade procederán á intervención con cautela dos medios empregados para desenvolver a conduta contraria ao dereito, así como, de ser o caso, dos produtos obtidos.

### **CAPÍTULO V NECESIDADES FISIOLÓXICAS**

#### *ARTIGO 39. FUNDAMENTOS DA REGULAMENTACIÓN*

É fundamento da regulamentación contida neste capítulo a protección da saúde pública e a salubridade, o dereito de gozar dun espazo público limpo e non degradado, e o respecto ás pautas xeralmente aceptadas de convivencia cidadá e civismo.

**ARTIGO 40. NORMAS DE CONDUCTA**

1. Está prohibido facer necesidades fisiolóxicas, como por exemplo defecar, ouriñar, cuspir, en calquera dos espazos definidos no artigo 3 desta ordenanza como ámbito de aplicación obxectiva desta, agás as instalacións ou elementos que estean destinados especialmente á realización de tales necesidades.

2. Queda especialmente prohibida a conduta descrita no antedito apartado cando se realice en espazos de concorrida afluencia de persoas ou frecuentados por menores, ou cando se faga en monumentos ou edificios catalogados ou protexidos.

**ARTIGO 41. RÉXIME DE SANCIÓN**

1. A conduta descrita no apartado 1 do artigo precedente será constitutiva de infracción leve, e sancionárase cunha multa de 300 €, agás que o feito constituía unha infracción máis grave.

2. Constituirá infracción grave, sancionada cunha multa de 600 €, a conduta descrita no apartado 2 do artigo precedente.

**CAPÍTULO VI  
CONSUMO DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS****ARTIGO 42. FUNDAMENTOS DA REGULAMENTACIÓN**

A regulamentación contida neste capítulo fundaméntase na protección da saúde pública e a salubridade, o respecto ao medio ambiente, a protección dos menores, o dereito ao descanso e tranquilidade da veciñanza, o dereito a gozar dun espazo público limpo e non degradado, a ordenada utilización da vía pública, a garantía da seguridade pública, ademais doutros bens como, por exemplo, a competencia leal no marco dunha economía de mercado e os dereitos das persoas consumidoras e usuarias.

**ARTIGO 43. NORMAS DE CONDUCTA**

1. Velarase porque non se consuman bebidas alcohólicas nos espazos públicos.

2. Está prohibido o consumo de bebidas alcohólicas nos espazos públicos cando:

- a) Poida causar molestias ás persoas que utilizan o espazo público e á veciñanza.
- b) Se faga en envases de cristal ou de lata.
- c) Para os menores de idade, en calquera caso, de acordo co establecido na Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

A prohibición á que se refire este apartado quedará sen efecto nos supostos en que o consumo de bebidas alcohólicas teña lugar en establecementos e outros espazos reservados expresamente para aquela finalidade, como terrazas e veladores, e cando o dito consumo conte coa oportuna autorización que as autoridades competentes poden outorgar, en casos puntuais.

3. Queda especialmente prohibido o consumo de bebidas alcohólicas descrito no apartado 1 deste artigo cando poida alterar gravemente a convivencia cidadá. Para estes efectos, a dita alteración prodúcese cando concorran algunhas das circunstancias seguintes:

- a) Cando, pola morfoloxía ou a natureza do lugar público, o consumo se poida facer de forma masiva por grupos de cidadáns ou cidadás ou invite á aglomeración destes.
- b) Cando, como resultado da acción do consumo, se poida deteriorar a tranquilidade da contorna ou provocar nel situacións de insalubridade.
- c) Cando o consumo se exteriorice en forma denigrante para os viandantes ou demais persoas usuarias dos espazos públicos.
- d) Cando os lugares nos que se consuma se caractericen pola afluencia de menores ou a presenza de nenas e nenos ou adolescentes.

4. As persoas organizadoras de calquera acto público de natureza cultural, lúdica, festiva, deportiva ou de calquera outra índole velarán porque non se produzan durante a súa celebración as condutas descritas nos apartados anteriores. Se con motivo de calquera destes actos se realizan aquelas condutas, os seus organizadores comunicaranos inmediatamente aos axentes da autoridade. En caso de que inclúan a posibilidade de dispensar bebidas alcohólicas, estas serviranse en vasos de plástico, non permitindo en ningún caso envases de cristal, vidro ou similares.

Nas festas populares, as actividades relacionadas coa venda e consumo de alcohol na vía pública en días de festa patronal ou festexos populares, deberán contar coa correspondente autorización municipal.

As persoas titulares da concesión da instalación dun bar ou outra actividade clasificada similar deberán colocar en sitio visible ao público a licenza para o desenvolvemento da actividade.

5. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou nais ou tutores ou titoras ou gardadores ou gardadoras polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

6. Todo recipiente de bebida debe ser depositado nos colectores correspondentes e, se é o caso, nas papeleiras situadas no espazo público. Queda prohibido tirar ao chan ou depositar na vía pública recipientes de bebidas como latas, botellas, vasos, ou calquera outro obxecto.

#### ARTIGO 44. RÉXIME DE SANCIONES

1. As accións ou omisións que vulneren o disposto na presente ordenanza constituirán infraccións que serán sancionadas de conformidade co establecido na lexislación estatal, autonómica e municipal que resulte de aplicación, nos termos regulamentados nesta ordenanza e no disposto nos apartados seguintes.

2. As infraccións cualifícanse como leves, graves e moi graves.

3. Para a graduación das sancións terase en conta, ademais da intencionalidade, reiteración e natureza dos prexuízos causados, que esixe a Lei 30/1992, do 26 de novembro, os seguintes criterios:

- a) a idade das persoas afectadas
- b) o risco para a saúde individual ou colectiva
- c) o número de persoas afectadas
- d) a graduación das bebidas alcohólicas
- e) o volume de negocios e os beneficios obtidos
- f) o grao de difusión da publicidade
- g) a reincidencia

4. Infraccións leves, castigadas con multa de 300 €:

- a) Consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, agás lugares autorizados.
- b) Sacar as consumicións á vía pública nos establecementos nos que a súa venda se destine a consumo inmediato.
- c) Non situar as bebidas alcohólicas, nos establecementos comerciais non destinados a consumo inmediato, nun lugar específico onde sexan facilmente distinguibles.
- d) Non colocar de forma visible ao público, o cartel indicativo da prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores de 18 anos.
- e) Non colocar de forma visible para o público que teñen autorización para a venda de bebidas alcohólicas.
- f) Non colocar de forma visible para o público o cartel: "Está prohibido sacar as consumicións á vía pública"
- g) Dispensar as bebidas en vasos de cristal, vidro, ou similares en eventos ou espectáculos multitudinarios.



- h) A negligencia no almacenamento, colocación ou custodia de bebidas alcohólicas en locais comerciais ou doutro tipo que posibilite o acceso ou o consumo de ditas bebidas por menores de idade.
- i) As cometidas por simple negligencia, sempre que o resultado negativo non tivese repercusións que prexudiquen a persoas.
5. Infraccións graves, castigadas con multa de 600 €:
- a) Consumo de alcohol por menores de 18 anos.
- b) A venda, subministración ou dispensa de bebidas alcohólicas en lugares non permitidos ou sen autorización.
- c) A subministración, venda ou dispensa, gratuítos ou non de bebidas alcohólicas a menores de 18 anos
- d) A subministración, venda ou dispensa, en locais comerciais non destinados ao consumo inmediato de bebidas alcohólicas, desde as 10 da noite até as 7 da mañá do día seguinte.
- e) A publicidade ou promoción de bebidas alcohólicas dentro do concello do Grove, nos lugares e polos procedementos ou medios prohibidos por lei.
- f) A instalación de máquinas automáticas que subministren sen control bebidas alcohólicas.
- g) A negativa ou resistencia a prestar colaboración ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes, así coma a subministración de información inexacta e/ou documentación falsa.
6. Infraccións moi graves, castigadas con multa de 1500 €:
- a) A venda ou dispensa de bebidas alcohólicas en centros de ensino infantil, primaria o secundaria ou noutros centros ou locais destinados a menores de 18 anos
- b) Calquera actividade pública dirixida a incitar ou a facilitarlles de calquera xeito aos menores de idade o consumo de bebidas alcohólicas.

#### *Intervencións específicas*

1. Nos supostos recollidos nos anteditos artigos, os axentes da autoridade retirarán e intervirán con cautela as bebidas, os envases ou os demais elementos obxecto das prohibicións, así coma os materiais ou os medios empregados. As bebidas alcohólicas e os alimentos intervidos poderán ser destruídos inmediatamente por razóns hixiénico-sanitarias.

2. Tratándose as persoas infractoras de menores, practicaranse as dilixencias necesarias para comprobar se concorren indiciariamente as circunstancias previstas no apartado 5 do artigo 43, ao obxecto de proceder, tamén, á súa denuncia.

3. Para garantir a saúde das persoas afectadas, así coma para evitar molestias graves á cidadanía, os axentes da autoridade, cando proceda, poderán acompañar ás persoas en estado de embriaguez aos servizos de saúde ou de atención social correspondentes.

### **CAPÍTULO VII**

#### **OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON VELADORES, POSTOS OU QUIOSCOS E VENDA AMBULANTE**

##### *ARTIGO 45*

Toda ocupación da vía pública, sexa de carácter permanente ou temporal, requirirá a previa licenza e o pagamento das taxas establecidas nas ordenanzas fiscais.

##### *ARTIGO 46*

A adxudicación de espazos para uso privativo da vía pública con destino á instalación de quioscos fixos de utilización permanente requirirá a tramitación prevista en materia de concesións

administrativas sobre o dominio público, a cuxo réxime se acomodará o seu uso, así como ao previsto nas ordenanzas municipais.

#### ARTIGO 47

As ocupacións da vía pública ou espazos de uso público con mesas, cadeiras, carteis publicitarios de calquera tipo, macetas, postos ou outros análogos, precisará autorización municipal, que se outorgará consonte as disposicións da ordenanza específica regulamentadora; non obstante, aqueles establecementos de hostalaría que desexen establecer veladores e cadeiras na vía pública, deberán cumprir co seguinte trámite de maneira anual, para a autorización da instalación de veladores e cadeiras na vía pública:

- a) Deberán presentar unha solicitude no Rexistro xeral do Concello achegando, asemade, unha copia da licenza de apertura do establecemento hostaleiro e unha copia do DNI en vigor da persoa solicitante.
- b) Realizada a solicitude, a Policía Local comprobará a posibilidade de instalar os veladores así como do número máximo deles que poderá colocar a persoa interesada.
- c) No caso de instalarse na vía pública sobre a calzada, farase sobre unha estrutura metálica, madeira ou análoga, que estea sobreelevada, cando menos á altura da rasante da beirarrúa, en caso de non existir, a altura mínima ha de ser de 20 cm; ha de estar acoutada en todo o seu perímetro por unha balaustrada que impida a súa saída cara a vía pública, tendo unha única entrada-saída cara ao establecemento ou beirarrúa. A súa superficie máxima non debe superar os oito metros de fronte por cinco de fondo. En calquera caso, a súa autorización ha de estar supeditada a que a seguridade viaria e a dos seus ocupantes estea garantida.
- d) O informe efectuado pola Policía Local bastará para que o órgano correspondente dite a resolución, da que se lle dará conta á Administración de Rendas e Exaccións do Concello co fin de que se proceda a efectuar a liquidación do tributo á persoa adxudicataria. A copia do informe así como a do recibo das taxas deberá serlle mostrada pola persoa interesada a calquera requirimento que lle fagan os axentes da autoridade. A denegación da licenza notificarse con expresión dos recursos procedentes.
- e) Baixo ningún concepto se permitirá o uso de aparellos de música nas zonas de veladores, cando estes estean situados na vía pública.
- f) O tributo municipal polo establecemento de veladores na vía pública rexerese polo disposto na ordenanza fiscal correspondente.

#### ARTIGO 48

A infracción do disposto neste capítulo, aparte das demais medidas que procedan, sancionarase de acordo coa cualificación que lle corresponda á infracción cometida, consonte aos límites que preveñen os arts. 139 e ss. da Lei 7/1985.

#### ARTIGO 49

Nos supostos recollidos nos anteditos artigos, sen prexuízo da sanción que se puidese corresponder, os axentes da Policía Local procederán á retirada dos elementos que causen as infraccións así como ao comiso das mercadorías postas á venda, sen aboamento de indemnización ningunha. As mercadorías comisadas serán destruídas ou entregadas a establecementos benéficos da vila para o seu consumo, logo da comprobación da súa aptitude.

### CAPÍTULO VIII USO IMPROPIO DO ESPAZO PÚBLICO

#### ARTIGO 50. FUNDAMENTOS DA REGULAMENTACIÓN

A regulamentación contida neste capítulo fundaméntase na garantía dun uso racional e ordenado do espazo público e os seus elementos, ademais, de proceder, da salvagarda da salubridade, a protección da seguridade e o patrimonio municipal.

#### ARTIGO 51. NORMAS DE CONDUTA

1. Queda prohibido facer un uso impropio dos espazos públicos e os seus elementos, de maneira que impida ou dificulte a utilización ou o gozo polo resto das persoas usuarias.

2. Non están permitidos os seguintes usos impropios dos espazos públicos e dos seus elementos:

- a) Acampar nas vías e os espazos públicos, acción que inclúe a instalación estable nestes espazos públicos ou os seus elementos ou mobiliario neles instalados, ou en tendas de campaña, vehículos, autocaravanas ou caravanas, agás autorizacións para lugares concretos. Tampouco está permitido durmir de día ou de noite nestes espazos. Cando se trate de persoas en situación de exclusión social, será de aplicación o previsto no artigo 53.2 desta ordenanza.
- b) Utilizar os bancos e os asentos públicos para usos distintos dos que están destinados.
- c) Lavarse o bañarse en fontes, estanques ou similares.
- d) Lavar roupa en fontes, estanques, duchas ou similares, así como lavar ou baldear vehículos e realizar operacións de reparación ou cambio de aceite ou pezas do vehículo na vía pública, agás cando se trate de emerxencia ou accidente.
- e) Tirar á vía ou espazos públicos calquera tipo de lixo ou residuo. A evacuación dos residuos urbanos efectuarase de conformidade coa normativa vixente na materia. Os pequenos residuos xerados durante o uso normal dos espazos públicos deberán depositarse nas papeleiras dispostas para o efecto.
- f) Desprenderse dos residuos producidos non utilizando os colectores de recollida selectiva cando iso sexa posible, ou deixalos fóra dos colectores nas súas inmediacións podendo ter sido introducidos no seu interior para a súa eliminación controlada.
- g) Queda prohibido efectuar inscricións ou pegar carteis nos pechamentos, elementos de mobiliario urbano ou en calquera elemento existente nos parques e xardíns; a manipulación e conseguinte deterioración do entubado ou elementos das fontes; así coma calquera acción ou conduta sobre os elementos do mobiliario alí existente, incluídos os xogos infantís, que os lixe, prexudique ou deteriore mediante un uso que exceda do normal e axeitado.
- h) Acender ou manter acesas fogueiras, grellas ou lume de calquera clase en espazos públicos ou comunitarios, soares e locais análogos aos anteriores, así coma o aproveitamento e utilización destes; agás nos espazos e datas especialmente habilitados ou autorizados.
- i) Queda prohibido sacudir alfombras, tapices, esteiras, sabas e demais roupa de uso doméstico en portas, balcóns e ventás, así coma o tendido de roupa e obxectos nas fachadas que dean á vía pública. Non poderán regarse as plantas colocadas nos balcóns das vivendas con fachada á vía pública antes das 22.00 horas da noite ata as 8.30 horas da mañá seguinte, e do 1 de xuño ao 15 de setembro, entre as 24.00 horas e as 8.00 horas do día seguinte, colocaranse de maneira que a súa vertical caia sempre dentro do balcón ou descansen sobre a anchura da ventá e serán suxeitos e protexidos para evitar que poidan caer á vía pública.
- j) O horario autorizado para a limpeza de escaparates, tendas, postos de venda etc., segundo o disposto no artigo 20 da presente ordenanza, será desde a apertura ata as 11.00 da mañá.

O alcalde poderá autorizar, en casos excepcionais, modificacións nos horarios establecidos no apartado i) e j) e 2 do presente artigo.

*ARTIGO 52. RÉXIME DE SANCIÓN*

A realización das condutas descritas no artigo precedente é constitutiva de infracción leve, que se sancionará cunha multa de 300 €.

*ARTIGO 53. INTERVENCIÓNS ESPECÍFICAS*

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, os axentes da autoridade retirarán e intervirán con cautela o xénero, os materiais e os medios empregados.

2. Os servizos municipais adoptarán en cada caso as medidas que sexan procedentes en coordinación cos servizos sociais municipais ou, se procede, con outras institucións públicas e, de estimárenlo necesario por razóns de saúde, acompañarán estas persoas ao establecemento ou servizo municipal apropiado, coa finalidade de socorrelas ou axudalas no posible. Neste caso non se imporá a sanción prevista.

3. Nos supostos previstos no artigo 51.2a) en relación con caravanas e autocaravanas, os servizos municipais e os axentes da autoridade informarán dos lugares municipais habilitados para o estacionamento destes vehículos.

4. Cando se trate da acampada con autocaravanas, caravanas ou calquera outro tipo de vehículo, descrita no apartado a) do artigo 51.2 da presente ordenanza, e a persoa infractora non acredite a residencia legal en territorio español, o axente denunciante fixará provisionalmente a contía da multa e, de non depositarse o seu importe, procederase á inmovilización do vehículo e, se é o caso, á súa retirada e ingreso no depósito municipal.

**CAPÍTULO IX****ACTITUDES VANDÁLICAS NO USO DO MOBILIARIO URBANO. DETERIORACIÓN DO ESPAZO URBANO. ROTULACIÓN, MOBILIARIO URBANO E SINALIZACIÓN VIARIA***ARTIGO 54. FUNDAMENTOS DA REGULAMENTACIÓN*

Coas condutas tipificadas como infracción neste capítulo protéxense o uso racional do espazo público, o respecto ás persoas e bens, a seguridade, a saúde e integridade física das persoas ou o patrimonio municipal.

*ARTIGO 55. NORMAS DE CONDUTA*

1. Están prohibidas as condutas vandálicas, agresivas ou negligentes no uso do mobiliario urbano que xeren situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas ou os bens.

2. Quedan prohibidos os actos de deterioración grave, como estragos dos espazos públicos ou as súas instalacións ou elementos, xa sexan mobles ou inmoables, derivados das alteracións da seguridade cidadá contempladas no apartado 1 antedito.

3. Os organizadores de actos públicos de natureza cultural, lúdica, festiva, deportiva ou de calquera outra índole velarán porque non se produzan, durante a súa celebración, as condutas descritas nos anteditos apartados. Se con motivo de calquera destes actos se realizan as ditas condutas, os seus organizadores deberán comunicalo inmediatamente aos axentes da autoridade.

4. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria das nais e pais ou titoras e tutores, gardadoras ou gardadores polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

5. As persoas propietarias de terreos ou inmoables están obrigadas a permitir a instalación en fachadas, reixas ou valos da súa propiedade, tanto de rótulos de denominación da vía coma de sinais de circulación ou informativas, elementos de iluminación pública, telefonía, gas, electricidade ou calquera outra instalación de servizo público, respectar a súa permanencia, repoñelos ao seu cargo nas súas mesmas condicións en caso de execución de obras particulares que lles afecten, e logo dos

correspondentes permisos e licenza municipal con constitución de fianza suficiente, así coma a facilitar as tarefas que fose preciso realizar para o seu mantemento ou substitución.

6. As persoas interesadas na instalación na vía pública de calquera tipo de valos publicitarios, sinais informativos comerciais ou industriais, de reserva de espazo ou paso, ou elementos de mobiliario urbano, deberán contar coa preceptiva autorización municipal que establecerá os requisitos e condicións de instalación.

7. Os elementos descritos no antedito apartado, que se encontren instalados na vía pública sen autorización municipal, poderán ser inmediatamente retirados polos servizos municipais, que repercutirán posteriormente o seu custo sobre o responsable da dita instalación, sen prexuízo da aplicación do procedemento da sanción que lle corresponda.

#### *ARTIGO 56. RÉXIME DE SANCIÓN*

1. Sen prexuízo da lexislación penal e de protección da seguridade cidadá, as condutas descritas no apartado 1 do artigo precedente son constitutivas de infracción moi grave, e serán sancionadas cunha multa de 1.500 €.

2. Sen prexuízo da lexislación penal e local, os actos de deterioración descritos no apartado 2 do artigo precedente son constitutivos de infracción grave, e sancionaranse cunha multa de 600 €.

3. Sen prexuízo da lexislación penal e local, o non cumprimento dos actos descritos nos apartados 5 e seguintes son constitutivos de infracción leve e sancionaranse cunha multa de 300 €.

#### *ARTIGO 57. INTERVENCIÓNS ESPECÍFICAS*

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, se é o caso, os axentes da autoridade retirarán e intervirán con cautela os materiais, o xénero ou os medios empregados.

2. Tratándose a persoa infractora dun menor, practicaranse as dilixencias necesarias para comprobar se concorren indiciariamente as circunstancias previstas no apartado 4 do artigo 55, co obxecto de proceder, tamén, á súa denuncia.

### **CAPÍTULO X**

#### **OUTRAS CONDUCTAS QUE PERTURBAN A CONVIVENCIA CIDADÁ**

##### *SECCIÓN 1.ª. ZONAS NATURAIS E ESPAZOS VERDES*

#### *ARTIGO 58. FUNDAMENTOS DA REGULAMENTACIÓN*

É fundamento da presente normativa protexer o correcto uso de parques e xardíns, parques forestais, plantacións e espazos verdes privados, así coma garantir a seguridade das persoas e o mantemento dos areais.

##### *Subsección 1.ª. Areais*

#### *ARTIGO 59. NORMAS DE CONDUCTA*

1. A seguridade nos areais, e especialmente nas actividades no mar, esixe a observación das indicacións que se dean e o respecto das sinalizacións sobre as condicións e os lugares de baño.

2. A bandeira verde indica que non hai perigo, o que permite unha actividade normal no areal. Con bandeira amarela deberán extremarse as precaucións na auga. A bandeira vermella significa a prohibición do baño.

3. Está prohibido o baño nos espigóns e noutras zonas sinalizadas nas que non se permite o baño ou o paso está restrinxido.

4. Tamén se prohíbe utilizar xabón ou outros elementos de hixiene nas duchas públicas dos areais.

5. Está prohibido o acceso aos areas e praias con animais, desde o 1 de xuño ao 31 de setembro, o resto do tempo está prohibido o acceso aos areas e praias con animais soltos cando haxa persoas nestes lugares.

#### ARTIGO 60. RÉXIME DE SANCIONES

1. O incumprimento do disposto nos apartados primeiro a terceiro do artigo anterior constituirá unha infracción grave e será sancionada cunha multa de 600€.

2. O incumprimento do disposto no apartado cuarto e quinto do antedito artigo será unha infracción leve e será sancionada cunha multa de 300 €.

#### *Subsección 2.<sup>a</sup>. Áreas recreativas, parques e zonas verdes*

#### ARTIGO 61. UTILIZACIÓN

1. As nenas e nenos de idade inferior aos 14 anos poderán circular polos paseos dos parques e xardíns, en bicicleta ou con patíns, sen necesidade de autorización expresa, sempre que a afluencia de público o permita e non lles causen molestias ás persoas usuarias da zona. O resto das persoas usuarias dispoñerán dos carrís-bici para a utilización deste tipo de vehículos.

2. As instalacións deportivas ou de recreo visitaranse ou utilizaranse nas horas que se indiquen. A súa utilización e aproveitamento é público e gratuíto, agás para aquelas instalacións que o Concello dedique a un fin especial, mediante as condicións pertinentes e teñan establecido un prezo de utilización polas ordenanzas municipais.

3. As áreas recreativas contarán cun horario prefixado polo Concello para o seu uso, que se adaptará á contorna poboacional en que estean situadas, non podendo ser utilizadas fóra deste. O uso das grellas poderase suspender en atención a riscos potenciais de incendio en épocas de verán. Está prohibido o acceso á área recreativa con todo tipo de vehículo de motor, a montaxe de toldos, tendas de campaña ou similares, equipos de son, xeradores de electricidade así como cociñas eléctricas ou a gas.

4. Prohíbese expresamente as seguintes actividades:

- a) Realizar calquera actividade que poida danar o céspede nos parques, xardíns con céspede e flores ou plantacións, agás nos lugares autorizados.
- b) Facerlles dano de calquera forma aos animais; subir ás árbores ou prexudicar o arborado e plantacións en calquera outra forma: especialmente cortar ramas e follas, gravar ou raspar a súa tona, verter calquera líquido, aínda que non fose prexudicial, nas súas proximidades.
- c) Levar animais soltos e/ou sen buzo, cando sexan de carácter agresivo ou sempre que, legalmente, estean conceptuados como perigosos.
- d) A circulación de vehículos de motor, e a limitación do uso de bicicletas, patinetes e similares.
- e) O uso dos xogos, equipamentos e elementos de xogo aos maiores de 12 anos.
- f) O acceso de animais aos parques infantís
- g) O uso dos xogos por nenos que superen os tramos de idade para os que foron deseñados.
- h) O acceso os parques infantís dos menores de tres anos que non estean constantemente acompañados e supervisados por un adulto na área de xogo infantil.

#### ARTIGO 62. RÉXIME DE SANCIONES

O incumprimento do disposto nos apartados do antedito artigo constituirá unha infracción leve e será sancionada con multa de 300 €.

*SECCIÓN 2.ª. CONTAMINACIÓN ACÚSTICA**ARTIGO 63. FUNDAMENTOS DA REGULAMENTACIÓN*

Esta regulamentación ten por obxecto protexer os dereitos fundamentais á vida e integridade física e á intimidade e inviolabilidade do domicilio, de acordo co disposto no texto constitucional, así como tamén os dereitos constitucionais a un medio ambiente axeitado e á protección da saúde.

*Subsección 1.ª. Actos nos espazos públicos que perturban o descanso e a tranquilidade da veciñanza e viandantes**ARTIGO 64. NORMAS DE CONDUCTA*

1. O comportamento da cidadanía na vía pública e zonas de pública concorrencia e nos vehículos de servizo público debe manterse dentro dos límites da boa convivencia cidadá. En especial e agás autorización municipal está prohibido perturbar o descanso e a tranquilidade da veciñanza e viandantes mediante:

- a) funcionamento de aparellos de televisión, radio, musicais ou outros aparellos sonoros
- b) cantos, gritos, pelexas ou calquera outro acto molesto

*Subsección 2.ª. Ruídos relativos a animais domésticos**ARTIGO 65. PROHIBICIÓNS EXPRESAS*

Prohíbese deixar en patios, terrazas, galerías e balcóns, animais que cos seus sons, gritos ou cantos perturben o descanso da veciñanza, desde as 00.00 ata as 8.00 horas en horario de verán e das 23.00 horas da noite as 8:00 horas da mañá en horario de inverno. Nas demais horas tamén deberán ser retirados polos seus propietarios ou encargados, cando sexan especialmente ruidosos e notoriamente ocasionen molestias aos demais ocupantes do inmovible ou aos das casas veciñas.

*Subsección 3.ª. Ruídos relativos a obras domésticas, instrumentos e aparatos musicais**ARTIGO 66. PRECEPTOS XERAIS E PROHIBICIÓNS*

1. Establécense as seguintes prevencións:

- a) As persoas usuarias de receptores de radio, televisión, cadeas de música e/ou calquera outros instrumentos musicais ou acústicos no propio domicilio deberán axustar o seu volume, ou utilízalos en forma que non pasen dos niveis legalmente establecidos. Incluso en horas diúrnas, axustaranse aos límites establecidos para as nocturnas, cando calquera veciño lles formule esta solicitude por ter enfermos no seu domicilio, ou por calquera outra causa notoriamente xustificada.
- b) Os ensaios e reunións musicais, instrumentais ou vocais, de baile ou danza e as festas en domicilios particulares, regularanse polo establecido no antedito apartado.
- c) Prohíbese na vía pública, en vehículos de transporte público e en zonas de pública concorrencia accionar aparellos de radio e similares e tocar instrumentos musicais, incluso desde vehículos particulares, cando superen os límites máximos legalmente establecidos.
- d) A actuación de artistas na rúa ou noutros lugares públicos estará sometida ao permiso previo municipal e, en todo caso, producirase a volume adecuado para non lles producir molestias ás persoas usuarias.
- e) Prohíbese emitir por altofalantes, desde comercios ou vehículos, mensaxes publicitarias e actividades análogas, sen autorización municipal previa. Excepcionalmente, poderán permitirse este tipo de actividades cando discorran campañas electorais ou actos públicos de formacións políticas e movementos sociais.

- f) Prohíbese calquera actividade perturbadora do descanso alleo no interior das vivendas, en especial desde as 0.00 ata as 8.00 horas, como:
- Cantar, berrar, vociferar, é dicir, empregar un volume especialmente alto da voz humana ou da actividade directa das persoas.
  - Usar instrumentos musicais ou semellantes
  - Realizar reparación domésticas ou traballos que produzan molestias, agás autorización expresa.
  - Realizar traballos de bricolaxe cando os ruídos ou vibracións superen os niveis permitidos.
  - Utilizar aparellos domésticos se emiten un nivel de ruído superior ao permitido. En relación con isto terase en conta que a televisión, radio e outros aparellos musicais deberán axustar o seu volume de forma que non superen os niveis establecidos na ordenanza e na ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica, e no resto da lexislación que lle sexa aplicable.
  - Festas, xogos, arrastre de mobles e efectos, etc.

2. Precisarás comunicación previa ao Concello, sempre que non se produzan no domicilio de persoas físicas e cando nestes se utilicen instrumentos ou aparellos musicais, ou cando a concorrencia de numerosas persoas poida producir molestias por ruídos e/ou vibracións, a organización de festas, bailes ou outras actividades similares, que se rexerán polo horario establecido, e polas indicacións pertinentes, se é o caso.

#### ARTIGO 67. RÉXIME DE SANCIÓNS

1. Constitúen infraccións leves e serán sancionadas con multa de 300 €:
  - a) Provocarlle molestias á veciñanza, ao accionar a alto volume aparellos de radio e similares, ou tocar instrumentos musicais, na vía pública, en zonas de pública concorrencia, en vehículos de transporte público ou desde vehículos particulares.
  - b) Deixar en patios, terrazas, galerías e balcóns, animais que cos seus sons, gritos ou cantos perturben o descanso da veciñanza, entre as 0:00 e as 8.00 horas, ou incluso fóra destes horarios, cando sexan especialmente ruidosos e notoriamente ocasionen molestias aos demais ocupantes do inmovible ou aos de casas veciñas.
  - c) Provocarlle molestias á veciñanza por utilizar no domicilio receptores de radio, televisión, cadeas de música e/ou calquera outros instrumentos musicais ou acústicos, a alto volume, durante as horas nocturnas, ou incluso en horas diúrnas, cando calquera veciña ou veciño formule esta solicitude, por existir enfermos na casa, ou por calquera outra causa notoriamente xustificada.
  - d) Calquera outra infracción os preceptos recollidos no artigo 66 apartado 1 letra f).
2. Constitúen infraccións graves e serán sancionadas cunha multa de 600 €:
  - a) A reiteración en tres veces no período de 24 horas, de calquera das infraccións consideradas como leves no apartado número 1.
3. Constitúen infraccións moi graves e serán sancionadas cunha multa de 1.500 €:
  - a) Emitir por altofalantes, desde comercios ou vehículos, mensaxes publicitarias e actividades análogas, sen autorización municipal previa.



**TÍTULO III. DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES E DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA  
CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS NO TERMO MUNICIPAL****CAPITULO I****ARTIGO 68. OBXECTO**

O obxecto do presente capítulo é a regulación da limpeza de terreos e soares como medida de prevención e protección dos asentamentos de poboación e dos montes do termo municipal do Grove contra os incendios forestais.

**ARTIGO 69 . ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O presente título resulta de aplicación a:

- Calquera terreo ou soar clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal como solo urbano ou solo de núcleo rural, independentemente da súa titularidade.
- Calquera monte ou terreo forestal existente dentro do termo municipal do Grove, independentemente da súa titularidade.
- Aos espazos delimitados como redes de faixa de xestión de biomasa no Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello do Grove, independentemente da súa titularidade.

**ARTIGO 70. DEFINICIÓNS**

Para os efectos da presente ordenanza, enténdese por:

- Solo urbano: comprende o solo urbano e o solo de núcleo rural
- Monte ou terreo forestal: é todo o terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedentes de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas e non sexan características do cultivo agrícola.

Ademais, terán consideración de monte ou terreo forestal os demais terreos incluídos e descritos no artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, os definidos no artigo 2.1 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Así mesmo quedan definidos como monte ou terreo forestal os montes veciñais en man común delimitados no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

- Espazos delimitados onde se garantira o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendio. Localízanse neste termo municipal sobre:
  - As infraestruturas viarias
  - As liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica
  - As áreas de especial protección dos núcleos de poboación, ademais de todas as edificacións, as infraestruturas e equipamentos e áreas recreativas, a/os e polígonos industriais, plataformas loxísticas e punto limpo, así como calquera outra susceptible de ser protexida.

**ARTIGO 71. RESPONSABLES**

Para os efectos da presente capítulo, resultan responsables:

- Os propietarios/as, arrendatarios/as, usufrutuarios/as ou persoas titulares de calquera outro dereito real ou persoal sobre os terreos que quedan incluídos ao ámbito de aplicación da presente ordenanza.
- As administracións, entidades ou sociedades que teñen encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta, das vías de comunicación e liñas de transporte de enerxía eléctrica.

- Os propietarios/as das edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos, das instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras, forestais, industriais e de equipamentos que resulten afectados pola presente ordenanza. No caso de urbanización polo órgano de xestión ou xunta urbanizadora.

#### ARTIGO 72. OBRIGAS DOS RESPONSABLES

Será obrigatorio para os responsables:

1. Nos terreos ou soares clasificados no Plan Xeral de Ordenación Municipal como solo urbano ou solo de núcleo rural:

1.<sup>a</sup>. Xestionar a biomasa vexetal mantendo as parcelas e solares libres de vexetación silvestre ou espontánea, agás o estrato herbáceo que só poderá alcanzar unha altura de 20 centímetros, incluída a arbórea que manterá unha distancia mínima de 10 metros das vivendas e edificacións preexistentes e de 25 metros con industrias ou instalacións preexistentes nas que se desenvolvan actividades perigosas consonte ao establecido na Lei 1/1992, do 2 de xaneiro, de protección medioambiental, ou na súa normativa de desenvolvemento; dos 10 aos 50 metros permitirase estrato arbóreo, excepto as especies sinaladas na disposición adicional terceira Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

As distancias anteriores non serán de aplicación en parques públicos, xardíns botánicos e plantacións de pés illados ou xardíns con sebes e especies de árbores ornamentais; nin será de aplicación no caso de afectar a árbores senlleiras. Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais de xestión de biomasa cando estas parcela e soares se atopen situados en espazos delimitados como redes de faixa de xestión de biomasa no Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello do Grove.

2.<sup>a</sup>. Manter libres de estrato arbóreo, estrato arbustivo e subarbustivo ou herbáceo, residuos ou desperdicios as vías de acceso a núcleos así como as cunetas ou servidumes destas nunha franxa de dous metros a ambos os dous lados, contados dende a súa aresta exterior.

A limpeza do estrato arbóreo será a cargo, en todo caso, dos/as propietarios/as, arrendatarios/as, usufrutuarios/as ou persoas titulares de calquera outro dereito real ou persoal sobre os terreos a que dea fronte.

2. Nos montes e terreos forestais:

1.<sup>a</sup>. Asegurar que os terreos se atopen libres de vexetación accesoria á masa principal e coa masa arbórea rareada, de acordo coa lexislación vixente.

2.<sup>a</sup>. Manter limpas de vexetación as vías de titularidade privada, así como as gabias.

3.<sup>a</sup>. Rozar toda clase de maleza e estrato subarbustivo existente en todo o ámbito do monte, iso significa que as distancias entre as árbores existentes deberá atoparse expedita e absolutamente libre de calquera tipo de vexetación, residuo ou desperdicios.

4.<sup>a</sup>. Manter libres de estrato arbóreo, estrato arbustivo e subarbustivo ou herbáceo, residuos ou desperdicios, procedentes da limpeza do monte ou resultantes da explotación forestal ou agrícola as vías de acceso a núcleos e camiños forestais así como as cunetas ou servidumes destas nunha franxa de dous metros a ambos os dous lados, contados dende a súa aresta exterior.

A limpeza do estrato arbóreo será a cargo, en todo caso, dos/as propietarios/as, arrendatarios/as, usufrutuarios/as ou persoas titulares de calquera outro dereito real ou persoal sobre os terreos a que dea fronte.

5.<sup>a</sup>. A existencia de vertedoiros incontrolados deberá serlle comunicada ao Concello, e deberase proceder á súa retirada e limpeza nun prazo máximo de 20 días naturais desde que o Concello lles comunique iso aos titulares das parcelas en que se sitúen os devanditos vertedoiros.

6.<sup>a</sup>. Retirar os residuos forestais procedentes da limpeza do monte ou resultantes da explotación forestal, tales como a biomasa forestal residual, estelas, cortiza, resina e todo tipo de restos agrícolas e de produtos inflamables, quedando expresamente prohibido o seu depósito, sen prexuízo do establecido no artigo 28.2 e 33 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

3. Nas edificacións en zonas de alto risco de incendio ou montes ou terreos forestais e nas urbanizacións, edificación e instalacións resultantes da execución de plans de ordenación urbanística situadas nas zonas de influencia forestal que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana:

1.<sup>a</sup>. Asegurar a existencia dunha faixa de protección de 50 metros de ancho ao seu redor, libre de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada, consonte os criterios que se establezan pola lexislación vixente.

2.<sup>a</sup>. Manter o terreo non edificado da parcela ou parcelas e o viario de titularidade privada libres de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada, consonte os criterios que estableza a consellería competente en materia forestal.

3.<sup>a</sup>. Adoptar medidas especiais relativas á resistencia do edificio, á pasaxe do lume e á contención de posibles fontes de ignición procedente de incendios forestais, no edificio e nos seus respectivos accesos.

4.<sup>a</sup>. Dispoñer dunha rede de hidratantes homologados para a extinción de incendios, ou no seu defecto de tomas de auga.

5.<sup>o</sup>.—Presentar ante a Administración municipal un plan de prevención e defensa contra incendios forestais.

4. Nas industrias con produtos inflamables (gasolineiras, almacén de materiais inflamables e similares) situadas a menos de cen metros dunha zona de monte ou terreo forestal:

1.<sup>a</sup>. Tomando como referencia máis externa das instalacións de almacenamento e distribución dos ditos materiais, manter a súa propiedade limpa de vexetación nunha anchura de 50 metros. Se a extensión da propiedade non acadase os 50 metros, esta obriga estenderase ata o límite desta.

2.<sup>a</sup>. As novas instalacións deberán dispoñer desta zona perimetral de 50 metros.

3.<sup>a</sup>. Contar cun sistema de autoprotección contra incendios forestais que presentaran ante a Administración municipal.

#### ARTIGO 73. PROHIBICIÓNS

Sen prexuízo das establecidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, queda prohibido:

1 Botar mistos ou cigarros en terreos ou vías situadas en zonas de risco de incendio forestal, entendéndose por tales os montes e as áreas rurais situadas nunha franxa de 400 metros arredor daqueles.

2 Botar cabichas, vidros, cristais ou calquera outro elemento susceptible de xerar un incendio.

3 Botar calquera residuo ou desperdicio nos terreos forestais.

4 Utilizar fitocidas para a eliminación de vexetación, co conseguinte aumento da combustión da vexetación tratada se non se procede a limpeza e retirada desta vexetación.

5 Fumar e/ou facer lume de calquera tipo nos terreos forestais, ou as vías que os delimitan ou atravesan, durante a época de perigo alto ou cando o IRDI sexa moi alto ou extremo.

6 A acampada de persoas e vehículos en calquera terreo forestal que se sitúe no concello do Grove, sen a autorización expresa do Concello.

7 almacenamento, transporte ou utilización de materiais inflamables, combustibles ou explosivos no monte.

Cando se pretendan empregar explosivos para a apertura de estradas ou outros fins similares, deberá realizarse segundo as súas normas de seguranza, elaborando un plan de medidas de seguranza e prevención que será remitido para o seu coñecemento á consellería con competencia en materia forestal.

8 A realización de fogueiras para recreo, ocio ou confección de alimentos, así como utilizar equipamentos de queime e de combustión destinados á iluminación ou á confección de alimentos na

época de perigo alto ou cando o IRDI sexa moi alto ou extremo. Exceptúase a realización de contraluces durante as accións de extinción contra os incendios forestais.

9 A tirada de foguetes ou outros artefactos de pirotecnia nos terreos forestais e nas súas áreas de influencia sen autorización municipal.

10 A realización de festas gastronómicas e as fogueiras de S. Xoán e S. Pedro sen autorización municipal.

#### ARTIGO 74. PROCEDEMENTO PARA ACADAR A XESTIÓN DA BIOMASA

Con carácter xeral, os traballos de xestión de biomasa deberán estar executados antes do 31 de marzo de cada ano.

1 O procedemento regulado no presente artigo é de aplicación:

a) Para acadar a xestión da biomasa:

1.º Na franxa de cen metros arredor de calquera núcleo de poboación, edificación, urbanización, depósito de lixo, cámping, instalacións recreativas, obras, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte (artigo 21.1b. Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia).

2.º Nas faixas laterais das redes viarias de titularidade municipal (artigo 21.1d da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia).

3.º Edificacións en zonas de alto risco de incendio (artigo 23 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia).

4.º No solo urbano e solo de núcleo rural.

5.º Ao cumprimento das restantes obrigas previstas na presente ordenanza de regulación municipal.

b) Desenvólvese nas seguintes fases:

1.ª Na derradeira semana de febreiro realizaranse comunicacións xerais da obriga, que abrangue a todo os responsables, da limpeza das terras antes do 31 de marzo, mediante a difusión de bandos ou notas informativas para xeral coñecemento.

2.ª Superada esta data, ben sexa de oficio ou mediante denuncia previa de particulares, realizarase unha inspección e redacción de acta nas parcelas, co fin de comprobar a situación real do terreo e a súa incidencia sobre prevención ou o risco propagación de incendios ou de comprobar os feitos denunciados, no prazo de sete días naturais desde a recepción da denuncia, cando se inicie o procedemento pola denuncia dun particular.

Se o concello carece de persoal cualificado para a inspección, notificáralle ao Servizo de Provincial de Defensa Contra Incendios Forestais de Pontevedra tal feito para acadar a cooperación e colaboración administrativa prevista no artigo 8 e 59 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e no artigo 23.4 do Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención e incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamento e repoboacións forestais.

3.ª Unha vez que o Concello teña a acta de inspección da parcela, o alcalde poderá ou ben arquivar o expediente, se a persoa responsable cumpriu as súas obrigas, ou ben acordar a iniciación dun expediente de orde de execución de xestión de biomasa, segundo os criterios de xestión previstos na lexislación aplicable, ou calquera das obrigas previstas no presente regulamento, notificándollo ao/á responsable.

4.ª A resolución que acorde a iniciación do expediente de orde de execución seralle notificada ao responsable, concedéndolle, ao abeiro do artigo 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, un prazo de audiencia de dez días, desde a notificación do devandito acordo para que formule as alegacións que considere oportunas en relación cos feitos que orixinan o procedemento. No

suposto de non formularse ningunha alegación ou se as presentadas fosen desestimadas, o alcalde ditará orde de execución de limpeza de terreo ou xestión de biomasa ou de calquera das obrigas previstas na presente ordenanza, que se efectuará no prazo máximo de trinta días desde a notificación da correspondente orde de execución.

5.<sup>a</sup> Rematado este prazo, o Concello efectuará unha nova inspección co obxecto de comprobar o cumprimento da orde de execución. No caso de non se ter cumprida a orde de execución, o mesmo órgano que a ditou poderá acordar, de acordo co artigo 99 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a execución subsidiaria á conta da persoa interesada ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas que serán reiterables mensualmente ata lograr o cumprimento do ordenado.

A contía destas multas coercitivas poderá oscilar entre un mínimo de 300,00 € e un máximo de 600,00 €, cada unha. A contía fixarase tendo en conta os seguintes criterios:

- a) O atraso no cumprimento da obriga para reparar.
- b) A superficie do predio.
- c) O número de predios afectados.
- d) A existencia de intencionalidade ou reincidencia no incumplimento.

Estas multas coercitivas serán independentes e compatibles coas sancións que lle puidesen corresponder ao/a responsable ao abeiro do artigo 50 e seguintes da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e do artigo 11 e seguintes do presente regulamento.

En relación co monte ou terreos forestais, redes secundarias que lle afectan a parcelas que se atopen fóra do monte, a unha distancia inferior a 50 metros do seu perímetro, estradas ou as liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, o incumplimento polos responsables da xestión da biomasa seralle comunicado polo Concello ao Servizo Provincial de Defensa Contra Incendios Forestais de Pontevedra, para que inicie o correspondente expediente (artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia).

#### *ARTIGO 75. PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN DE TIRADA DE FOGUETES E OUTROS ARTEFACTOS DE PIROTECNIA. RÉXIME XURÍDICO*

1. O Concello porá á disposición dos/as interesados/as un formulario de solicitude que conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- Datos persoais do/a solicitante e responsable
- Día da actividade.
- Parroquia e lugar

2. As solicitudes deberán presentarse no Rexistro xeral do Concello cunha antelación mínima de 4 días hábiles á celebración.

3. De observárense erros ou defectos na solicitude advertiráselle ao /a interesado/a para a súa emenda ou rectificación.

4. A autorización conterá as normas que debe cumprir o/a beneficiario/a, que son as seguintes:

- a) Nos terreos forestais e nas súas áreas de influencia, a utilización de foguetes, globos ou calquera outro artefacto que poida producir ou conter lume, está suxeita a autorización previa do Concello.
- b) A autorización outorgada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que concorra negligencia ou imprudencia.
- c) A tirada realizaraa a empresa pirotécnica ou unha única persoa autorizada pola comisión de festas.

- d) Que a tirada se faga nun lugar inaccesible para o público, limpo de maleza ou de calquera outro material inflamable e situado a unha distancia de 100 metros dun terreo forestal. Deberá terse en conta a dirección e velocidade do vento á hora de fixar o punto de tirada de xeito a minimizar o risco para os terreos forestais.
- e) Que se dispoña no lugar dun sistema de extinción de incendios.
- f) Que o lugar se deixe limpo de restos de instalacións e de materiais producidos na tirada.
- g) O/A solicitante será sempre o/a responsable dos danos e perdas que ocasione.

5. O Concello comunicarlle a concesión da autorización á consellería competente en materia forestal cunha antelación mínima de 48 horas.

6. Non se entenderá, en ningún caso, concedida a autorización por silencio administrativo.

7. A autorización outorgada non eximirá os/as solicitantes, en ningún caso, das responsabilidades por danos ou perdas a que houbera lugar no caso de que conorra negligencia ou imprudencia.

8. O Concello, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, poderá revogar a autorización nos casos en que non sexa posible garantir medidas de seguridade e prevención dos incendios por estaren os medios dispoñibles dentro do distrito forestal realizando traballos de extinción de incendios forestais declarados nese ámbito, ou exista un número de incendios declarados no devandito ámbito que aconsellen a súa mobilización de xeito preferente a atallar os lumes declarados.

#### *ARTIGO 76. PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN DAS FOGUEIRAS DE S. XOÁN E S. PEDRO. RÉXIME XURÍDICO*

1. O Concello porá á disposición dos interesados un formulario de solicitude que conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- Datos persoais do/da solicitante e responsable
- Día da actividade.
- Parroquia e lugar

2. As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello cunha antelación mínima de 7 días hábiles a celebración.

3. De observarse erros ou defectos na solicitude advertiráselle ao /a interesado/a para a súa emenda ou corrección.

4. A autorización conterá as normas para cumprir polo beneficiario/a, que son as seguintes:

- a) A autorización outorgada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que conorra negligencia ou imprudencia.
- b) Que a fogueira diste unha distancia mínima de 100 metros de vivendas, vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- c) Que as súas dimensión non superen unha altura de 5 metros de altura e 3 metros de diámetro.
- d) Que non se queimen residuos perigosos ou tóxicos tipo: pneumáticos, aceites, plásticos, envases baleiros de aerosois, etc.
- e) Cando se faga a fogueira sobre terreos públicos asfaltados, lousados ou pintados deberá protexerse o pavimento cunha capa de area en toda a superficie da fogueira.
- f) Que se dispoña no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción da fogueira.
- g) Que a fogueira permaneza vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga.
- h) En caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- i) A persoa solicitante será sempre o responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.

5. O Concello comunicarlle a concesión da autorización á consellería competente en materia forestal cunha antelación mínima de 5 días naturais.

6. Non se entenderá, en ningún caso, concedida a autorización por silencio administrativo.

7. A autorización outorgada non eximirá aos solicitantes, en ningún caso, das responsabilidades por danos ou perdas a que houbera lugar no caso de que concorra negligencia ou imprudencia.

8. O concello por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, poderá revogar a autorización nos casos en que non sexa posible garantir medidas de seguridade e prevención dos incendios por estaren os medios dispoñibles dentro do Distrito Forestal realizando traballos de extinción de incendios forestais declarados nese ámbito, ou exista un número de incendios declarados no devandito ámbito que aconsellen a súa mobilización de xeito preferente a atallar os lumes declarados.

#### ARTIGO 77. INFRACCIÓNS. TIPIFICACIÓN, CLASIFICACIÓN E PRESCRICIÓN

Constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan o disposto neste título.

As infraccións dos preceptos contidos na presente título clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Terán a consideración de Infraccións moi graves e serán sancionadas coa cantidade de 1.500,00 euros:

- a) O incumprimento das ordes de execución das obrigas contempladas na presente ordenanza de competencia municipal.
- b) Botar mistos ou cigarros en terreos ou vías situadas en zonas de risco de incendio forestal, entendéndose por tales os montes e as áreas rurais situadas nunha franxa de 400 metros arredor daqueles.
- c) Botar cabichas, vidros, cristais ou calquera outro elemento susceptible de xerar un incendio.
- d) Fumar e ou facer lume de calquera tipo nos terreos forestais, ou as vías que os delimitan ou atravesan, durante a época de perigo alto ou cando o IRDI sexa moi alto ou extremo.
- e) A realización de fogueiras para recreo, ocio ou confección de alimentos, así como utilizar equipamentos de queima e de combustión destinados á iluminación ou á confección de alimentos na época de perigo alto ou cando o IRDI sexa moi alto ou extremo. Exceptúase a realización de contraluces durante as accións de extinción contra os incendios forestais.

Terán a consideración de infraccións graves e serán sancionadas coa cantidade de 600,00 euros:

- a) A tirada de foguetes ou outros artefactos de pirotecnia nos terreos forestais e nas súas áreas de influencia sen autorización municipal.
- b) A realización de festas gastronómicas e as fogueiras de S. Xoán e S. Pedro sen autorización municipal.
- c) Utilizar fitocidas para a eliminación de vexetación, co conseguinte aumento da combustión da vexetación tratada se non se procede a limpeza e retirada desta vexetación.
- d) A acampada de persoas e vehículos en calquera terreo forestal que se sitúe no concello do Grove, sen a autorización expresa do concello.
- e) Botar calquera residuo ou desperdicio nos terreos forestais.
- f) A reiteración na comisión de infraccións leves.

Terán a consideración de Infraccións Leves e serán sancionadas coa cantidade de 300,00 euros:

- a) Os incumprimentos das obrigas ou prohibicións establecidas no presente título desta ordenanza cando non deban cualificarse como grave ou moi grave.

**TITULO IV. USO E PROTECCIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS***ARTIGO 78 . DA UTILIZACIÓN DOS ESPAZO PÚBLICOS**A) NORMAS COMÚNS A TODAS AS OCUPACIÓNS E USOS ESPECIAIS  
DOS ESPAZOS PÚBLICOS*

1. Ninguén poderá, sen título que o autorice expresamente e para os fins autorizados, ocupar, temporal ou permanentemente, directa ou indirectamente bens de dominio público, ben sexa solo, subsolo ou voos dos espazos públicos, ou utilízalos de forma que exceda o dereito de uso que, de ser o caso, corresponde a todos, salvo servizos transitorios como nas operacións de carga e descarga por tempo limitado ou asimilados.

2. Os elementos físicos da ocupación temporal ou aproveitamento especial disporanse de tal xeito que, por eles mesmos ou pola súa influencia, orixinen os mínimos trastornos ao normal funcionamento dos espazos públicos e, en especial, garantindo a seguridade e accesibilidade, coas actuacións complementarias necesarias a cargo do ocupante para garantir esa mínima afección. En particular, deixarase un paso permanentemente practicable dun mínimo de 2 m de ancho para peóns e 3 m para vehículos, se for o caso.

3. O titular ou a titular da autorización garantirá a limpeza continua e permanente da zona ocupada e do seu contorno do lixo, refugallo e materiais xerados directamente pola actividade obxecto da ocupación. Así mesmo, retirará todos os elementos utilizados na actividade no momento en que esta finalice.

4. O titular ou a titular da autorización garantirá a integridade de todos os elementos que forman parte do espazo público ocupado, evitando furar, romper ou deteriorar pavimentos, mobiliario urbano e calquera outro elemento. Caso de que exista imposibilidade do seu correcto mantemento para o fin intrínseco da ocupación, quen ocupe garantirá a súa perfecta reposición; a tal efecto poderá impoñerse unha fianza suficiente que garanta a súa reposición.

5. As ocupacións ou aproveitamentos especiais non autorizados, ou que excedan o autorizado, serán obxecto de retirada inmediata por parte do Concello, sen prexuízo das sancións e da esixencia das responsabilidades que procedan

*B) DA OCUPACIÓN DOS ESPAZOS PÚBLICOS PARA OBRAS E/OU DEPÓSITO  
DE MATERIAIS (MADEIRA, PEDRA ETC.)*

1. Quedan suxeitas á autorización municipal previa, que será outorgada por unha resolución da Alcaldía, sen prexuízo das súas facultades de delegación, as ocupacións de espazos públicos para obras ou depósito de materiais efectuados polos particulares.

2. Cando sexa necesario ocupar espazo público con estadas, guindastres fixos ou móbiles ou elementos similares, ou depósito de materiais para a realización de obras privadas, esta ocupación será a mínima imprescindible, tanto en superficie ocupada como no seu tempo de duración e só poderá facerse con autorización expresa municipal.

O mesmo sucederá cando sexa necesario ocupar espazo público con madeira procedente de tala de árbores, ben efectuada por particulares ou por empresas.

3. No que se refire ás obras en inmobles privados, as ocupacións realizaranse baixo a dirección dun técnico competente, debendo achegar coa solicitude o plano acoutado da ocupación do espazo público previsto, indicando as medidas de protección e sinalización necesarias a garantir o tránsito de vehículos e peóns, a seguridade dos traballadores/as ou persoas que as executen, a dos/as viandantes, así como a do propio inmovible e dos bens depositados sobre os espazos públicos. En canto aos residuos de obra, farase con colectores de entullos, sacos ou calquera outro sistema en función da zona ou das características da obra.



4. No que se refire ao aprovisionamento de materiais e madeira para a súa posterior utilización en obras ou transporte ao centro de transformación, a ocupación realizarase baixo a supervisión da Policía Local para o que os/as interesados/as comunicaran, unha vez obtida a correspondente autorización, o inicio da ocupación, adoptando todas as medidas de protección e sinalización necesarias para garantir o tránsito de vehículos e peóns, así coma para a reposición dos elementos do espazo público que poidan resultar deteriorados e para limpeza e eliminación do refugallo e restos que resulten da actividade.

5. Correrán por conta do/a ocupante as actuacións complementarias precisas para garantir a seguridade e accesibilidade en todo o tempo que dure a ocupación, así como a reposición dos danos que se causen.

#### ARTIGO 79. REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E OBRAS NA VÍA PÚBLICA

Con carácter xeral, todas as actividades que poidan ocasionar deterioración, sucidade e alteración na vía pública, calquera que sexa o lugar en que se desenvolvan e, sen prexuízo das autorizacións procedentes, esixirán a quen a desenvolve a adopción das medidas necesarias para evitala, así como a limpeza e reposición da vía ou parte dela que puidese resultar afectada.

Efectuada a carga e descarga de calquera vehículo ou material, limparanse e reparanse, de producirse algunha deterioración ou dano, as beirarrúas e calzadas que fosen ensuciadas ou deterioradas durante a operación. Están obrigados ao cumprimento deste precepto, os donos dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou dos predios a que afecte a carga ou descarga.

A limpeza efectuarase ao remate da carga ou descarga. Se a actividade se deriva da retirada de material, este efectuarase no prazo máximo de 2 días.

En canto ás reposición, fixase un prazo que pode oscilar entre 2 días e unha semana, dependendo do volume e material para repoñer.

Se a ocupación se produce como consecuencia da realización dunha actividade nun terreo privado, quen teña en propiedade o predio queda suxeito ás normas sinaladas anteriormente.

Cando se realicen calicatas ou gabias por particulares debe procederse á súa reposición co mesmo tipo de pavimento ou materiais ca os existentes.

En especial, as superficies inmediatas de foxos, canalizacións e conexións realizadas na vía pública, deberán manterse limpas e exentas de toda clase de materiais residuais. As terras extraídas deberán protexerse, en todo caso, segundo determina o apartado anterior.

A carga e descarga de materiais de obra e de produtos de derruba deberá realizarse mediante tubos ou canalizacións de características axeitadas para impedir que se emporque a vía pública e que se lles causen danos ás persoas e ás cousas.

Queda prohibido depositar na vía pública, non cortada para a obra, todo tipo de materiais, incluídas terras, areas, gravas ou calquera elemento mecánico de contención ou escavación non expresamente autorizado.

O titular da licenza de obra, construtor ou contratista, promotor ou propietario de calquera obra, e as empresas propietarias dos colectores de obras se estes estivesen na vía pública serán responsables solidarios da falta de limpeza desta ou da parte que se ensucie como consecuencia das obras e de retirar os materiais vertidos. Debe procederse ao cumprimento desta obrigaón diariamente e unha vez finalizada calquera operación de carga, descarga, saída ou entrada de vehículos ao lugar da obra.

Os titulares de talleres ou actividades de reparación, mantemento e limpeza de vehículos, deberán manter limpas as beirarrúas e ramplas de acceso a eles, en especial no referente a graxas, aceites e carburantes.

#### ARTIGO 80. AUTORIZACIÓN PREVIA DE OCUPACIÓN E USOS DE ESPAZOS PÚBLICOS

O procedemento xeral de autorizacións será o seguinte:

- Solicitud.

- Informe da Policía Local e, de ser o caso, dos servizos técnicos municipais, no que se sinala a conveniencia ou necesidade de imposición de fianza que garanta a reposición do espazo que poida resultar deteriorado.
- Resolución da Alcaldía.

Xunto coa solicitude de autorización, achegarase, con carácter xeral, a seguinte documentación:

- Solicitude con descrición suficiente da necesidade e das características da ocupación (descrición e situación do espazo público a ocupar, superficie, período previsto de ocupación, finalidade e medidas de seguridade a adoptar) ou uso.
- Plano de situación.
- Xustificante do pagamento da correspondente taxa por ocupación de vía pública.
- Fianza, se é o caso.

Para a realización de obras deberá achegar ademais:

- Copia de licenza de obra instalación e actividade.
- Plano de situación.
- Plano acoutado da ocupación do espazo público previsto.
- Xustificación de que a ocupación temporal ou aproveitamento especial demandado non interfere o tránsito peonil, nin prexudica a outros establecementos ou outras actividades, incluído o tráfico rodado se é o caso.
- Zona na que se garante por parte do solicitante a libre circulación de persoas e, de ser o caso, vehículos.

#### *ARTIGO 81. OBRIGAS DA RESTAURACIÓN, MULTAS COERCITIVAS E EXECUCIÓN SUBSIDIARIA*

1. Sen prexuízo da sanción que corresponda, as persoas infractoras estarán obrigadas á reposición ou restauración da realidade física alterada, na forma e nas condicións que determine o órgano que concedeu a autorización.

2. A existencia destas medidas reparadoras ou restauradoras, que inclúen as posibles indemnizacións por danos e perdas, poderán facerse no propio procedemento sancionador ou, se é co caso, noutro complementario.

3. Se as persoas infractores non procedesen á reposición ou á restauración na forma e nos prazos sinalados no requirimento competente, poderase acordar a imposición de multas coercitivas reiterables por importe comprendido entre os 300 e os 1.500 euros.

#### *ARTIGO 82. INFRACCIÓNS AO ESTABLECIDO NESTE TITULO*

Infraccións leves, que se sancionarán cunha multa de 300 euros

Considéranse infraccións leves todas aquelas condutas que non están tipificadas nesta ordenanza como graves ou moi graves.

- a) A realización de actos que ocasionen danos no mobiliario ou equipamento urbano.
- b) Mover ou desprazar, sen autorización, elementos de mobiliario urbano situados na vía pública dedicados aos servizos de recollida de residuos ou de limpeza viaria como consecuencia da realización de obras nas súas proximidades.
- c) Permitir que un animal transite (acompañado ou non) por parques infantís.

Terán a consideración de infracción grave as seguintes condutas, que se sancionarán cunha multa de 600 euros:

- a) Realizar algunha das actividades que, no marco desta ordenanza precise de autorización administrativa, sen contar con ela ou téndoa caducada ou suspendida, así como o incumprimento dos condicionantes impostos naquela.

- b) Non constituír ou renovar fianzas ou garantías cando resulten obrigatorias en función do disposto nesta ordenanza e que foran impostas na concesión da autorización administrativa.
- c) Realizar danos, actos vandálicos tales como subtraer, incendiar, romper, ou pintar mobiliario ou equipamento urbano destinado á xestión de residuos ou á limpeza viaria, de forma que quede inservible para o seu uso ou cando o custo da reparación sexa superior en máis dun 30 % ao seu valor de mercado.
- d) Non atender os requirimentos que se formulen pola Alcaldía para o cumprimento do artigo 79 desta ordenanza.
- e) A reincidencia, pola comisión no termo dun ano, de infraccións leves da mesma natureza.

Terán a consideración de infraccións moi graves as seguintes, que se sancionarán cunha multa de 1.500 euros:

- a) A reincidencia, no termo dun ano, na comisión dunha infracción grave da mesma natureza.
- b) Falsear ou ocultar datos na obtención das autorizacións sinaladas nesta ordenanza para os efectos da liquidación das correspondentes taxas ou prezos públicos.

## **TÍTULO V. DISPOSICIÓN COMÚNS SOBRE RÉXIME DE SANCIÓN E OUTRAS MEDIDAS DE APLICACIÓN**

### **CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS**

#### *ARTIGO 83. DECRETOS E INSTRUCIÓN DA ALCALDÍA NO DESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN DA ORDENANZA*

1. Mediante un decreto de Alcaldía aprobarase un manual operativo sobre as cuestións que formula a aplicación desta ordenanza, no que se desenvolverán e concretarán as actuacións dos diversos órganos e axentes municipais implicados.

2. Cando as circunstancias así o aconsellen, o alcalde ou alcaldesa ditará as instrucións correspondentes para a aplicación da ordenanza.

3. Mediante un decreto de Alcaldía crearase unha unidade administrativa encargada de tramitar os procedementos administrativos sancionadores previstos nesta ordenanza.

#### *ARTIGO 84. FUNCIÓNS DA POLICÍA LOCAL RELATIVAS AO CUMPRIMENTO DESTA ORDENANZA*

Na súa condición de policía administrativa, a Policía Local, de acordo co disposto na lexislación que lle é aplicable, é a encargada de velar polo cumprimento desta ordenanza, de denunciar, cando proceda, as condutas que sexan contrarias a esta, e de adoptar, de ser o caso, as demais medidas de aplicación.

#### *ARTIGO 85. DEBER DE COLABORACIÓN CIDADÁ NO CUMPRIMENTO DA ORDENANZA*

1. Todas as persoas que están no concello do Grove teñen o deber de colaborar coas autoridades municipais ou os seus axentes para preservar as relacións de convivencia cidadá e civismo no espazo público.

2. Para os efectos do establecido no antedito apartado, o Concello do Grove porá os medios necesarios para facilitar que, en cumprimento do seu deber de colaboración, calquera persoa poida poñer en coñecemento das autoridades municipais os feitos que tivesen coñecido que sexan contrarios á convivencia cidadá ou ao civismo.

3. De acordo coa lexislación vixente en materia de protección de menores, toda a cidadanía ten o deber de comunicarlles ás autoridades ou axentes máis próximos calquera situación que detecten de risco ou desamparo dun menor. Así mesmo, toda a cidadanía que teña coñecemento de que un menor non está escolarizado ou non asiste ao centro escolar de maneira habitual debe poñelo en coñecemento

dos axentes máis próximos ou da autoridade competente, coa finalidade de que se adopten as medidas pertinentes.

*ARTIGO 86. CONDUTAS OBSTRUCIONISTAS ÁS TAREFAS DE CONTROL, INVESTIGACIÓN OU SANCIÓN NOS ÁMBITOS DA CONVIVENCIA E O CIVISMO*

1. Nos ámbitos da convivencia cidadá e o civismo, e salvagardando todos os dereitos previstos no ordenamento xurídico, non se permiten as condutas seguintes:

- a) A negativa ou a resistencia ás tarefas de inspección ou control do Concello.
- b) A negativa ou a resistencia a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polo persoal funcionario actuante en cumprimento das súas funcións.
- c) Subministrarlle ao persoal funcionario actuante, en cumprimento dos seus labores de inspección, control ou sanción, información ou documentación falsa, inexacta, incompleta ou que induza a erro de maneira explícita ou implícita.
- d) O incumprimento das ordes ou os requirimentos específicos formulados polas autoridades municipais ou os seus axentes.

2. Sen prexuízo da lexislación penal e sectorial, as condutas descritas no antedito apartado son constitutivas de infracción moi grave, que será sancionada cunha multa de 1.500 €.

*ARTIGO 87. ELEMENTOS PROBATORIOS DOS AXENTES DA AUTORIDADE*

1. Nos procedementos de sanción que se instrúan en aplicación desta ordenanza, os feitos constatados por axentes da autoridade teñen valor probatorio, de acordo coa normativa aplicable para o efecto, sen prexuízo doutras probas que poidan achegar as persoas interesadas.

2. Nos expedientes de sanción que se instrúan e cos requisitos que correspondan consonte a lexislación vixente, poderanse incorporar imaxes dos feitos denunciados, xa sexa en fotografía, filmación dixital ou outros medios tecnolóxicos, que permitan acreditar os feitos recollidos na denuncia formulada de acordo coa normativa aplicable. En todo caso, a utilización de videocámaras requirirá, de proceder, as autorizacións previstas na lexislación aplicable, así como o seu uso de acordo co principio de proporcionalidade.

*ARTIGO 88. DENUNCIAS CIDADÁS*

1. Sen prexuízo da existencia doutros interesados á parte do presunto infractor, calquera persoa pode presentar denuncias para poñer en coñecemento do Concello a existencia dun determinado feito que poida ser constitutivo dunha infracción do establecido nesta ordenanza.

2. As denuncias deberán expresar a identidade da persoa ou persoas que as presentan, o relato dos feitos que puidesen constituír infracción, a data da súa comisión e, cando sexa posible, a identificación das persoas presuntamente responsables.

3. Cando a denuncia vaia acompañada dunha solicitude de inicio do procedemento de sanción, o Concello deberalle comunicar á persoa denunciante a iniciación ou non do devandito procedemento e, de ser o caso, a resolución que recaia.

4. Logo da ponderación do risco pola natureza da infracción denunciada, o instrutor ou instrutora poderá declarar secretos os datos persoais da persoa denunciante, garantindo o anonimato desta no decorrer da tramitación do expediente administrativo. Esta confidencia será declarada cando o solicite a persoa denunciante.

*ARTIGO 89. MEDIDAS ESPECÍFICAS QUE SE APLICARÁN NO CASO DE QUE AS PERSOAS INFRACTORAS SEXAN NON RESIDENTES NO TERMO MUNICIPAL DO GROVE*

1. As persoas infractoras non residentes no termo municipal do Grove que recoñezan a súa responsabilidade poderán facer efectivas inmediatamente, de acordo co previsto no apartado 2 do artigo 82, as sancións de multa polo importe mínimo que estivese establecido nesta ordenanza. Cando a

ordenanza non fixe o importe mínimo da sanción que corresponda, a rebaixa será do setenta e cinco por cento do seu importe máximo.

2. As persoas denunciadas non residentes no termo municipal do Grove deberanlle comunicar e acreditar ao axente da autoridade denunciante, para os efectos de notificación, a súa identificación persoal e domicilio habitual, e, se proceder, o lugar e o enderezo de onde están situados na cidade. Os axentes da autoridade poderán comprobar en todo momento se o enderezo proporcionado pola persoa infractora é o correcto.

No caso de que esta identificación non fose posible ou a localización proporcionada non fose correcta, os axentes da autoridade, para este obxectivo, poderán requirir a persoa infractora para que os acompañe a dependencias próximas, nos termos e circunstancias previstos no apartado 4 do artigo 89 desta ordenanza.

3. Cando a persoa infractora non acredite a súa residencia habitual en territorio español, o axente que formule a denuncia ofreceralle a posibilidade de facer inmediatamente efectiva a sanción, nos termos previstos no apartado 1. Se a sanción non fose satisfeita, o órgano competente, mediante un acordo motivado, adoptará inmediatamente como medida de cautela o ingreso dunha cantidade económica que represente o mínimo da sanción económica prevista e, cando a ordenanza non fixe o importe mínimo desta, o importe mínimo que se aplicará nestes casos será do setenta e cinco por cento do seu máximo. Esta medida provisional seralle notificada con carácter urxente ao enderezo dirección en que aquela persoa estea a vivir na cidade ou na localidade correspondente. No suposto de que non se proceda ao ingreso desta cantidade, advertiráselle, de proceder, que podería incorrer en responsabilidade penal.

4. No caso de que as persoas denunciadas non residentes no termo municipal do Grove sexan estranxeiras e non satisfagan a sanción nos termos descritos no antedito apartado, unha vez que rematase o procedemento mediante resolución, comunicaráselle a infracción, a identidade da persoa infractora e a sanción que recaía, para os efectos oportunos, á embaixada ou consulado correspondente e á Delegación do Goberno.

5. O Concello proporalle ás autoridades competentes aquelas modificacións á normativa vixente tendentes a facilitar e mellorar a efectividade das sancións que se impoñan aos non residentes no concello.

#### *ARTIGO 90. RESPONSABILIDADE POR CONDUCTAS CONTRARIAS Á ORDENANZA COMETIDAS POR MENORES DE IDADE*

1. De acordo co que establece a Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos do neno, todas as medidas neste caso de sanción das autoridades municipais que lles poidan afectar aos menores atenderán principalmente ao interese superior destes. Así mesmo, en función da súa idade e madurez, garantirase o dereito dos menores a seren escoitados en todos aqueles asuntos que lles afecten e a que as súas opinións sexan tidas en conta.

2. Cando as persoas infractoras sexan menores, e coa finalidade de protexer os dereitos do neno ou adolescente, o seu desenvolvemento e a súa formación, poderanse substituír as sancións pecuniarias por medidas correctoras, como asistencia a sesións formativas, traballos para a comunidade ou calquera outro tipo de actividade de carácter cívico. Estas medidas adoptaranse de maneira motivada en función do tipo de infracción, e serán proporcionadas á sanción que reciba a conduta infractora. Para este efecto, solicitarase a opinión das nais ou pais ou persoas titoras ou gardadoras que será vinculante.

3. As nais e pais, as persoas titoras ou gardadoras serán responsables civís subsidiarios dos danos producidos polas infraccións cometidas polos menores de idade que dependan deles.

4. Así mesmo, naqueles casos en que se prevexa expresamente nesta ordenanza, as nais e pais, as persoas titoras ou gardadoras serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

5. A asistencia aos centros de ensino educativos durante o ensino básico obrigatorio (ensino primario e secundario) é un dereito e un deber dos menores desde a idade de seis anos ata a de dezaseis.

6. A Policía Local intervirá naqueles supostos en que os menores de idade transiten ou permanezan en espazos públicos durante o horario escolar. Para tal efecto, a Policía Local solicitará a súa identificación, indagará cales son as circunstancias e os motivos polos que non está no centro de ensino, e conducirao ao seu domicilio ou ao centro escolar en que estea inscrito, poñendo en todo caso en coñecemento da súa nai, pai ou persoas titoras ou gardadoras e da autoridade educativa competente que o menor foi achado fóra do centro educativo en horario escolar.

7. Sen prexuízo de que, de acordo co previsto nesta ordenanza, se poida acudir a fórmulas de mediación para resolver estas condutas, as nais, pais ou persoas titoras ou gardadoras serán responsables da permanencia dos menores na vía pública e da non asistencia destes aos centros educativos. Nestes casos, cando concorra culpa ou negligencia, as nais, pais ou persoas titoras ou gardadoras incorrerán nunha infracción leve, e poderán ser sancionados cunha multa desde 300 €, ou se for o caso aceptar as medidas previstas no apartado 9 deste artigo.

8. En todo caso, calquera denuncia, incoación dun expediente sancionador ou eventual imposición dunha sanción a un menor seralle tamén notificada ás súas nais ou pais ou persoas titoras ou gardadoras.

9. As nais e pais ou persoas titoras ou gardadoras deberán asistir ás sesións de atención individualizada ou cursos de formación que, de ser o caso, se impoñan como alternativa á sanción pecuniaria das infraccións cometidas polos menores que dependan deles.

#### *ARTIGO 91. PRINCIPIO DE PREVENCIÓN*

O Concello daralle prioridade a todas aquelas medidas municipais encamiñadas a previr riscos para a convivencia cidadá e o civismo no espazo público.

#### *ARTIGO 92. MEDIACIÓN*

1. O Concello do Grove promoverá especialmente a mediación e a resolución alternativa dos conflitos como ferramenta básica para unha sociedade menos litixiosa e con máis cohesión.

2. Nos supostos en que as infraccións sexan cometidas por menores, e co obxectivo de protexer os intereses superiores da nena ou do neno, establececerase por parte do Concello do Grove un sistema de mediación, que actuará con carácter voluntario respecto ao procedemento administrativo de sanción, con persoal especializado ao que serán chamados a comparecer os menores presuntamente infractores, as súas nais e pais ou persoas titoras ou gardadoras, así como, de proceder, as posibles vítimas ou persoas afectadas polas condutas tipificadas como infracción na presente ordenanza.

3. O Concello do Grove procederá a designar persoas mediadoras que, en calidade de terceiras persoas neutrais, resolverán os conflitos de convivencia cidadá sempre que as nais e pais ou persoas titoras ou gardadoras do menor acepten que este se someta a unha solución de consenso entre o menor, as súas nais e pais ou persoas titoras e gardadoras, e a Administración municipal, así como, se proceder, as vítimas da infracción.

4. A mediación terá por obxecto que o menor infractor sexa consciente do dano causado á comunidade e perseguirá, tras unha negociación entre as partes, un acordo sobre as medidas de reparación que deberán adoptarse en cada caso.

5. Este sistema de mediación poderá ser aplicado tamén, con carácter voluntario, a outras condutas e colectivos específicos. O órgano competente para resolver o expediente de sanción poderá, por acordo motivado, e logo da solicitude da persoa infractora ou dos servizos sociais competentes, reconducir o procedemento de sanción a un sistema de mediación, sempre que a dimensión retributiva da conduta infractora sexa máis eficaz a través desta vía.

**CAPÍTULO II**  
**RÉXIME SANCIONADOR***ARTIGO 93. GRADUACIÓN DAS SANCIÓN*

1. A imposición das sancións previstas nesta ordenanza guiarase pola aplicación do principio de proporcionalidade e, en todo caso, teranse en conta os criterios de graduación seguintes:

- a) a gravidade da infracción
- b) a existencia de intencionalidade
- c) a natureza dos prexuízos causados
- d) a reincidencia
- e) a reiteración
- f) a capacidade económica da persoa infractora
- g) a natureza dos bens ou produtos ofrecidos no comercio ambulante non autorizado
- h) o beneficio obtido
- i) O grao de perigo xerado para as persoas e os bens
- j) a desatención aos requirimentos efectuados

2. Enténdese que hai reincidencia cando se cometeu no prazo dun ano máis dunha infracción desta ordenanza e foi declarada por resolución firme. Hai reiteración cando a persoa responsable xa foi sancionada por infraccións desta ordenanza ou cando se están instruindo outros procedementos de sanción por infraccións desta ordenanza.

3. Na fixación das sancións de multa teranse en conta que, en todo caso, o cumprimento da sanción non resulte máis beneficioso para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.

4. Cando, segundo o previsto na presente ordenanza, se impoñan sancións non pecuniarias, xa sexan alternativas ou obrigatorias, a determinación do seu contido e duración farase, tamén, tendo en conta o principio de proporcionalidade e os criterios enunciados nos devanditos parágrafos.

*ARTIGO 94. RESPONSABILIDADE DAS INFRACCIÓN*

No caso de que, unha vez practicadas as dilixencias de investigación oportunas dirixidas a individualizar a persoa ou as persoas infractoras, non sexa posible determinar o grao de participación dos diversos suxeitos que tivesen intervido na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria.

*ARTIGO 95. CONCORRENCIA DE SANCIÓN*

1. Incoado un procedemento de sanción por dúas ou máis infraccións entre as cales haxa relación de causa a efecto, impoñerase só a sanción que resulte máis elevada.

2. Cando non se dea a relación de causa a efecto á que se refire o antedito apartado, ás persoas responsables de dúas ou máis infraccións impoñeránselles as sancións correspondentes a cada unha das infraccións cometidas, agás que se aprecie identidade de suxeitos, feitos e fundamentos.

Neste último suposto aplicarase o réxime que sancione con maior intensidade, gravidade ou severidade a conduta da que se trate.

*ARTIGO 96. DESTINO DAS MULTAS IMPOSTAS*

O importe dos ingresos do Concello en virtude das sancións impostas destinarase a mellorar, nas súas diversas formas e a través de varios programas, o espazo urbano como lugar de encontro e convivencia.

*ARTIGO 97. REBAIXA DA SANCIÓN DE PAGARSE DE MANEIRA INMEDIATA*

1. As persoas denunciadas poden asumir a súa responsabilidade mediante o pagamento das sancións de multa, cunha redución da sanción ao seu importe mínimo se o pagamento se fai efectivo antes do inicio do procedemento de sanción.

2. Os presuntos infractores poden recoñecer a súa responsabilidade mediante o pagamento das sancións de multa cunha redución do cincuenta por cento do importe da sanción que apareza no prego de cargos ou, nos casos de procedementos abreviados, na proposta de resolución. Nos procedementos ordinarios, a redución será do vinte por cento do importe da sanción que apareza na proposta de resolución.

3. O pagamento do importe da sanción de multa implicará o remate do procedemento, sen prexuízo de presentar os recursos procedentes.

4. O Concello do Grove implantará un sistema de cobramento anticipado e inmediato de multas e medidas provisionais coas rebaixas pertinentes a través dun sistema automatizado ou de dispositivos específicos, sen prexuízo de que, en todo caso, o pagamento poida facerse efectivo a través das entidades financeiras previamente concertadas.

*ARTIGO 98. SUBSTITUCIÓN DAS MULTAS E REPARACIÓN DOS DANOS  
POR TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE*

1. O Concello poderá substituír a sanción de multa por sesións formativas, participación en actividades cívicas ou outros tipos de traballos para a comunidade.

2. As sesións formativas sobre convivencia cidadá e civismo, de carácter individual ou colectivo, substituirán as sancións pecuniarias nos casos en que así estea previsto na presente ordenanza. En caso de non asistencia ás sesións formativas, procederá impoñer a correspondente sanción, en función da tipificación da infracción cometida.

3. A participación nas sesións formativas, en actividades cívicas ou na realización de traballos en beneficio da comunidade será adoptada co consentimento previo da persoa interesada como alternativa ás sancións de orde pecuniario, agás que a lei impuxese o seu carácter obrigatorio. En todo caso, terán carácter obrigatorio as medidas alternativas á sanción previstas nesta ordenanza.

4. O Concello tamén pode substituír, na resolución ou posteriormente, a reparación económica dos danos e perdas causados aos bens de dominio público municipal por outras reparacións equivalentes en especie consistentes na asistencia a sesións formativas, a participación en actividades cívicas ou outros tipos de traballos para a comunidade, sempre que haxa consentimento previo das persoas interesadas, excepto que a lei impuxese o seu carácter obrigatorio. No caso de que se produza esta substitución, o Concello deberá reparar os danos causados agás que o traballo que realice a persoa sancionada consista precisamente na reparación do dano producido.

5. Cando, de acordo co previsto nesta ordenanza, se adopte a mediación como alternativa ao procedemento sancionador, os acordos de reparación terán como obxecto, principalmente, as medidas alternativas previstas neste artigo.

*ARTIGO 99. PROCEDEMENTO DE SANCIÓN*

1. Cando se trate de infraccións leves cometidas por estranxeiros non residentes que afecten á convivencia cidadá nos termos desta ordenanza, e sempre que non exista un procedemento específico na lexislación sectorial aplicable, a denuncia do axente da autoridade implicará o inicio do procedemento de sanción e seralle notificada no acto á persoa denunciada. Nesta denuncia constarán os feitos, as correspondentes infraccións e sancións, a identidade da persoa instrutora, a autoridade sancionadora competente e a norma que lle atribúe esta competencia. A denuncia tamén indicará que, no prazo de dous días, formule, alegacións e formule os medios de proba pertinentes para a súa defensa. Unha vez transcorrido o prazo de dous días ou practicada a proba correspondente, a persoa



instrutora elevará o expediente ao órgano competente para resolver nun prazo máximo de un día e notificaráselle á persoa infractora a sanción correspondente.

2. Coas excepcións recollidas nesta ordenanza, o procedemento sancionador será o que con carácter xeral teña establecido o Concello do Grove. De xeito supletorio, será de aplicación o procedemento sancionador previsto polas actuacións da Administración da Xunta de Galicia e, se é o caso, o que regule a lexislación do Estado.

3. Cando a proposta de resolución do procedemento sancionador tramitado pola Administración do Concello conteña unha sanción que, pola contía da multa ou polo seu carácter, non sexa de competencia municipal, a Alcaldía elevará o expediente ao órgano correspondente da Administración que sexa competente para impoñer a sanción que se propón, de conformidade coa lexislación sectorial aplicable.

4. A Alcaldía pode delegar ou desconcentrar as súas competencias en materia de potestade sancionadora consonte o previsto na lexislación específica.

#### *ARTIGO 100. APRECIACIÓN DE DELITO OU FALTA*

1. Cando as condutas a que se refire esta ordenanza puidesen constituír infracción penal, remitiráselle ao Ministerio Fiscal ou á autoridade xudicial que lle corresponda os antecedentes necesarios das actuacións practicadas.

2. No caso de identidade de suxeito, feito e fundamento das condutas ilícitas, a incoación dun proceso penal non impedirá a tramitación de expedientes sancionadores polos mesmos feitos, pero a resolución definitiva do expediente só poderá producirse cando sexa firme a resolución recaída no ámbito penal, quedando ata entón interrompido o prazo de prescrición. Os feitos declarados probados en vía xudicial vincularán a autoridade competente para impoñer a sanción administrativa.

3. A condena ou a absolución penal dos feitos non impedirá a sanción administrativa, de apreciarse diversidade de fundamento.

4. As medidas provisionais adoptadas no seo do procedemento administrativo sancionador antes da intervención xudicial poderán manterse en vigor mentres non recaia pronunciamento expreso ao respecto das autoridades xudiciais, sen prexuízo dos recursos que poida interpoñer o presunto infractor sobre o establecemento ou a vixencia das ditas medidas provisionais.

#### *ARTIGO 101. PRESCRICIÓN E CADUCIDADE*

A prescrición e a caducidade rexeranse pola lexislación administrativa sancionadora xeral, sen prexuízo do que dispoña a lexislación sectorial.

### **CAPÍTULO III REPARACIÓN DE DANOS**

#### *ARTIGO 102. REPARACIÓN DE DANOS*

1. A imposición das sancións que correspondan polo incumprimento desta Ordenanza non exonera a persoa infractora da obriga de reparar os danos ou perdas causados, agás que esta se substitúa por traballos en beneficio da comunidade, de acordo co artigo 83.

2. Para os efectos do establecido no antedito apartado, cando proceda, a Administración municipal tramitará pola vía de execución subsidiaria a obriga de resarcimento que proceda.

3. As sancións e as multas determinadas na presente ordenanza non exoneran a persoa infractora da obriga, que deberá adoptar todas as medidas necesarias para, de forma inmediata, reparar, restaurar ou substituír os recursos naturais e servizos de recursos naturais danados.

**CAPÍTULO IV****MEDIDAS DE POLICÍA ADMINISTRATIVA***ARTIGO 103. ORDES SINGULARES DA ALCALDÍA PARA A APLICACIÓN DA ORDENANZA*

1. A Alcaldía pode ditar as ordes singulares ou nominativas e as disposicións especiais que procedan sobre a conduta na vía pública ou o comportamento da cidadanía, co fin de facer cumprir a normativa en materia de convivencia cidadá e de civismo.

2. Sen prexuízo da imposición da sanción que no seu caso corresponda, a Alcaldía poderá tamén requirirles ás persoas que sexan achadas responsables dalgunha das condutas descritas nesta ordenanza para que se absteñan no futuro de realizar actuacións similares dentro do termo municipal.

3. O incumprimento das ordes, as disposicións ou os requirimentos anteditos nos apartados 1 e 2 deste artigo será sancionado nos termos previstos nesta ordenanza, sen prexuízo de que se poida iniciar procedemento penal por causa de desobediencia.

**CAPÍTULO V****MEDIDAS DE POLICÍA ADMINISTRATIVA DIRECTA***ARTIGO 104. MEDIDAS DE POLICÍA ADMINISTRATIVA DIRECTA*

1. Os axentes da autoridade esixirán en todo momento o cumprimento inmediato das disposicións previstas nesta ordenanza, e, sen prexuízo de proceder a denunciar as condutas anti-xurídicas, poderán requirirles verbalmente ás persoas que non respecten as normas para que desistan na súa actitude ou comportamento, advertíndoas de que en caso de resistencia poden incorrer en responsabilidade criminal por desobediencia.

2. Cando a infracción cometida provoque, ademais dunha perturbación da convivencia cidadá e do civismo, unha deterioración do espazo público, requirirase ao seu causante para que proceda á súa reparación, restauración ou limpeza inmediatas, cando sexa posible.

3. No caso de resistencia a estes requirimentos, e sen prexuízo do que se dispón no apartado 1 deste artigo, as persoas infractoras poderán ser desaloxadas, cumprindo en todo caso co principio de proporcionalidade.

4. Para os efectos de poder incoar o correspondente procedemento sancionador, os axentes da autoridade requirirán á persoa presuntamente responsable para que se identifique. De non conseguirse a identificación por calquera medio da persoa que cometeu unha infracción, os axentes da autoridade poderán requirirla para que, ao obxecto de iniciar o expediente sancionador da infracción cometida, os acompañe a dependencias próximas que contén con medios adecuados para realizaren as dilixencias de identificación, para estes únicos efectos e polo tempo imprescindible, informando á persoa infractora dos motivos do requirimento de acompañamento.

5. En todo caso, e á marxe da sanción que corresponda imponse pola infracción das normas que teña orixinado a intervención ou requirimento dos axentes da autoridade, as condutas obstrucionistas tipificadas nas letras b) e c) do apartado 1 do artigo 86 constitúen unha infracción independente, sancionadas de acordo co apartado 2 do dito artigo 86, agás que o feito sexa constitutivo de responsabilidade criminal, en cuxo caso se pasará o tanto de culpa ao Ministerio Fiscal.

**CAPÍTULO VI****MEDIDAS PROVISIONAIS***ARTIGO 105. MEDIDAS PROVISIONAIS*

1. Iniciado o expediente sancionador, mediante un acordo motivado, poderanse adoptar as medidas provisionais imprescindibles para o normal desenvolvemento do procedemento, para evitar a comisión de novas infraccións ou para asegurar o cumprimento da sanción que puidese imponse. Estas medidas poderán consistir en calquera das previstas na normativa xeral e sectorial aplicable en cada caso, e deberán ser proporcionadas á natureza e á gravidade da infracción.

2. Cando a lei así o prevea, as medidas provisionais poderanse adoptar tamén con anterioridade á iniciación do expediente sancionador.

3. En materia de medidas provisionais nos casos de infraccións cometidas por persoas estranxeiras non residentes no territorio español, deberanse ter en conta as disposicións especiais de procedemento previstas no artigo 74.3 desta ordenanza.

#### *ARTIGO 106. COMISOS*

1. Ademais dos supostos en que así se prevea expresamente nesta ordenanza, os axentes da autoridade poderán, en todo caso, comisar os utensilios e o xénero obxecto da infracción ou que serviron, directa ou indirectamente, para a comisión daquela, así como o diñeiro, os froitos ou os produtos obtidos coa actividade infractora, os cales quedarán baixo a custodia municipal mentres sexa necesario para a tramitación do procedemento sancionador ou, a falta deste, mentres perduren as circunstancias que motivaron o comiso.

2. Os gastos ocasionados polo comiso correrán a cargo da persoa causante das circunstancias que o determinaron.

3. De tratarse de bens funxibles, destruíranse ou daráselles o destino adecuado. Os obxectos comisados depositaranse á disposición do órgano sancionador competente para a resolución do expediente. Unha vez ditada resolución firme e transcorridos dous meses sen que o titular tivese recuperado o obxecto, procederase á súa destrución ou entregárase gratuitamente a entidades sen ánimo de lucro con finalidades sociais.

### **CAPÍTULO VII MEDIDAS DE EXECUCIÓN FORZOSA**

#### *ARTIGO 107. MULTAS COERCITIVAS*

Para a execución forzosa das resolucións, o Concello poderá impoñer multas coercitivas, de acordo co disposto na lexislación sectorial.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

Entrada en vigor.

Esta ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, entrará en vigor de acordo co establecido nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e permanecerá en vigor ata que non se acorde a derogación ou modificación expresa.

O Grove, 29 de xullo de 2011.—O alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

**2011007975**

\* \* \*

### **M E I S E D I C T O**

De conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, formada a Conta Xeral correspondente ao exercicio económico 2010 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público na Secretaría deste Concello por un período de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, para os efectos de que durante ese prazo e 8 días máis, os interesados a poidan examinar e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Meis, 8 de agosto de 2011.—O Alcalde, Jose Luis Pérez Estévez.

**2011008023**

\* \* \*